

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 31 DE XULLO DO 2013.**

=====

No Concello de Cangas, cando son as catorce horas do día trinta e un de xullo do dous mil trece, previa convocatoria, reúnen os/as seguintes concelleiros/as: D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto e D^a M^a Lucía Lede Fernández, SUPLENTE: D. Jesús Manuel Graña Graña, baixo a presidencia do Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Non asiste á sesión o concelleiro, D. Rafael Soliño Costas.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS EN DATAS 8 E 15 DE XULLO DO 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizada en datas 8 e 15 de xullo do 2013.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 24 DE XULLO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

2.A) APROBA-LOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) DENEGA-LOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE 24.594.- O petitionado por MANUEL SOAGE CHAPELA, para construír un cerramento no lugar de Angueiro-Agualevada-Coiro, debe ser denegado ó situarse as obras dentro do ámbito SAUI -1 "Alto da Portela" que está en tramitación, e en cuxo acordo de aprobación inicial de modificación puntual das Normas Subsidiarias do concello acordouse a suspensión da concesión de licenzas.

2.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

EXPEDIENTE N° 1.548/12.- LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR DANIEL GONZÁLEZ MÉNDEZ.

A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento dedicado a perruquería, sito en Piñeiro, nº 23-B-Aldán, peticiónada por Daniel González Méndez, con enderezo en rúa Daniel Castelao, nº 22-ático B-Bueu, tendo en conta o informe de comprobación efectuado polo técnico municipal de data 16 de xullo do 2013.

Advírtese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisar a licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablecer a seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o concello carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 1.568/12.- LICENCIA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECIMENTO PETICIONADA POR JOSE ALFONSO NOVAS COSTAS.

A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento dedicado a tenda de maquinaria agrícola, sito na Estrada de Bueu, 28-baixo-San Cibrán-Aldán, peticiónada por José Alfonso Novas Costas, con enderezo no referido lugar, tendo en conta o informe de comprobación efectuado polo técnico municipal de data 16 de xullo do 2013.

Advírtese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisar a licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablecer a seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o concello carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 1.627/13.- LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECIMENTO PETICIONADA POR YOLANDA ESCANEO CASTRO.

A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento dedicado á venda polo miúdo de conxelados e froita, sito en Rúa Noria, nº 19-baixo-Cangas, peticiónada por Yolanda Escaneo Castro, con enderezo en Xielas, nº 31- Coiro, tendo en conta o informe de comprobación efectuado polo técnico municipal de data 17 de xullo do 2013.

Advírtese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisar a licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablecer a seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o concello carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 1.668/13.- LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR DAVID RODAL RODRÍGUEZ.

A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento dedicado a exposición de motocicletas e accesorios para motos e mecánica rápida sito na Avda. de Vigo, nº 136-Cangas, peticiónada por David Rodal Rodríguez, con enderezo no referido lugar, tendo en conta o informe de comprobación efectuado polo técnico municipal de data 17 de xullo do 2013.

Advírtese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisar a licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablecer a seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o concello carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 1.669/13.- LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR JUAN LUIS RÍOS PIÑEIRO.

A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento dedicado a venda e exposición de mobiliario de cociñas e aparatos sanitarios, sito na Avda. de Bueu-esquina Avda. de Vigo, nº 30-baixo-Cangas, peticiónada por Juan Luis Ríos Piñeiro, con enderezo no referido lugar, tendo en conta o informe de comprobación efectuado polo técnico municipal de data 17 de xullo do 2013.

Advírtese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisar a licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablecer a seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o concello carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE S/N.- MODIFICACIÓN DE TITULARIDADE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO EFIGINIA VIDAL BUCETA.

A Xunta de Goberno Local queda informada do cambio de titularidade da licenza municipal de apertura de establecemento dedicado a perruquería, sito na Avda. de Bueu, nº esquina-Avda. de Marín nº 16-baixo-Cangas, outorgada a "PELUQUERÍA JOARA, S.L.", con enderezo no referido lugar, pasando o servizo de perruquería a Manuel Hermelo Vidal e o servizo de estética a Araceli Hermelo Vidal, de conformidade co escrito presentada en data 27 de maio do 2013.

EXPEDIENTE Nº 1655/13.

A Xunta de Goberno Local acordou conceder a ROGELIO IGLESIAS LODEIRO licenza provisional de vivenda turística a desenvolver en Coitivada, nº 14. A licenza definitiva outorgarase unha vez realizada a visita de comprobación polos técnicos municipais, debendo o interesado tramitar as preceptivas autorizacións perante a Consellería de Turismo.

CONTRATACIÓN

3º.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO SERVIZO DE POSTA EN VALOR DO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DO MONTE DO FACHO EN DONÓN-O HÍO.

Dase conta de resolución da Alcaldía de data 24.7.13, referente a inicio de expediente de contratación para a realización do Servizo de Posta en Valor do Xacemento Arqueolóxico do Facho de Donón-O Hío, que di o seguinte:

"DECRETO DA ALCALDÍA

Visto o convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Concello de Cangas para a posta en valor do xacemento arqueolóxico do Castro do Facho de Donón.

Visto que segundo dito convenio a Consellería de Cultura financiará o 100% das actividades a realizar cunha achega máxima de 25.000 € na anualidade de 2013.

Visto que a vixencia do convenio remata o 30.09.2013.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local para os únicos efectos de aprobar o inicio deste expediente de contratación e declarar a tramitación urxente deste.

Segundo.- Incoar expediente administrativo para a contratación do servizo consistente na realización de traballos de posta en valor do xacemento arqueolóxico do Monte do Facho en Donón.

Terceiro.- Que a secretaria xeral emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, segundo as características do contrato e que a interventora municipal emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

Cuarto.- Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ós departamentos municipais de Secretaría, Intervención e Apoio Xurídico.

Sexto.- Dar conta deste Decreto á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice para os efectos da súa ratificación."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda ratificar a resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a inicio de expediente de contratación para a realización do Servizo de Posta en Valor do Xacemento Arqueolóxico do Facho de Donón-O Hío.

4.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO SERVIZO DE SINALIZACIÓN DOS ROTEIROS DE CABO HOME EN DONÓN-O HÍO.

Vista a resolución da Alcaldía de data 24.7.13, referente a inicio de expediente de contratación para a realización do Servizo de Sinalización dos Roteiros de Cabo Home en Donón-O Hío, que di o seguinte:

"DECRETO DA ALCALDÍA

Vista a subvención concedida ó Concello de Cangas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a realización da actividade "Sinalización de roteiros en Cabo Home" (Expte.: P-2012-32).

Visto que o importe da subvención ascende á cantidade de 19.987,50 € (IVE excluído) e establece as seguintes anualidades e prazos:

- 2013: 10.993,13 €. O prazo para finalizar os traballos e realizar as transferencias bancarias xustificativas remata o 15.09.2013.*

- 2014: 8.994,37 €. O prazo para finalizar os traballos e realizar as transferencias bancarias xustificativas remata o 15.09.2014.*

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, RESOLVO:

Primeiro.- *Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local para os únicos efectos de aprobar o inicio deste expediente de contratación e declarar a tramitación urxente deste.*

Segundo.- Incoar expediente administrativo para a contratación do servizo consistente na realización de traballos de sinalización de roteiros en Cabo Home.

Terceiro.- Que a secretaria xeral emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir segundo as características do contrato e que a interventora municipal emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

Cuarto.- Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ós departamentos municipais de Secretaría, Intervención e Apoio Xurídico.

Sexto.- Dar conta deste Decreto á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice para os efectos da súa ratificación."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda ratificar a resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a inicio de expediente de contratación para a realización do Servizo de Sinalización dos Roteiros de Cabo Home en Donón-O Hío.

SUBVENCIONS

5.- RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE DARBO, REFERENTE Ó CONVENIO ASINADO EN DATA 18.7.09.

Vista a resolución da Alcaldía de data 19.7.13, referente a aprobación de conta xustificativa da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Darbo, referente ó convenio asinado en data 18.7.09, que di o seguinte:

"DECRETO DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada en data 6.05.2013 (registro entrada nº 5433) por Alfredo Moldes Guardado en representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Darbo, con CIF nº V36103513 relativa ó convenio asinado co concello en materia de mantemento e limpeza do monte veciñal, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 20.05.2009.

Examinada a conta xustificativa comprensiva dos gastos efectuados no 1º cuadrimestre do ano 2013 por importe de 6.156,59 €, compróbase que esta

cumpra co estipulado no referido convenio en canto a gastos subvencionables e requisitos dos documentos que acreditan a realización do gasto.

Tendo en conta a cláusula do referido convenio segundo a cal: 'o concello subvencionará como máximo o 80% do gasto realizado'.

De acordo co exposto, en uso das facultades que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local, RESOLVO:

Primeiro.- *Avocar a competencia que esta Alcaldía ten delegada na Xunta de Goberno Local para os efectos de aprobar esta subvención.*

Segundo.- *Aprobar a conta xustificativa correspondente ó 1º cuadrimestre do ano 2013, presentada pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Darbo, relativa ó convenio asinado en data 18.07.2009 (aprobado en Xunta de Goberno Local de data 20.05.2009) prorrogado para os exercicios 2010, 2011, 2012 e 2013.*

Terceiro.- *Recoñecer a obriga por importe de CATRO MIL NOVECIENTOS VINTE E CINCO CON VINTE E SETE (4.925,27) EUROS, a favor da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Darbo, con CIF nº V36103513.*

Cuarto.- *Notificar esta resolución ó interesado con indicación dos recursos procedentes, e dar traslado desta ó departamento municipal de Intervención.*

Quinto.- *Dar conta desta Resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se realice para os efectos da súa ratificación."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda ratificar a resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación de conta xustificativa da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Darbo, referente ó convenio asinado en data 18.7.09.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

6º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN FRONTE A DENEGACIÓN DE PRÓRROGA PARA O ANO 2013 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE.

6.A) RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR Mª ARACELI GONZÁLEZ PAREDES.

Dase conta de proposta de data 24.7.13 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a resolución de recurso de

reposición fronte á denegación de prórroga para o ano 2013 das licenzas municipais de venda ambulante, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN FRONTE A DENEGACIÓN DE PRÓRROGA PARA O ANO 2013 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE.

ANTECEDENTES:

I.- Rematado o período de autorización correspondente ó ano 2012, os titulares de licenzas de venda ambulante foron requiridos ó abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (B.O.P da provincia de Pontevedra nº 205 do 25 de outubro do 2011) co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2013 no modelo formalizado proporcionado outorgando un período de tempo, para tal efecto coa advertencia de que de non presentar esta solicitude de renovación no prazo indicado se entendería que renunciaban voluntariamente a renovación da autorización.

II.- Presentada por ARACELI GONZÁLEZ PAREDES, a solicitude de renovación da licenza da que é titular polo concello foi requirida co fin de que emendase a deficiencia apreciada, consistente na falta da certificación do ORAL acreditativa de non ter débedas coa facenda pública municipal.

III.- Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 22/04/2013 declarouse a revogación da licenza da interesada.

IV.- Pola interesada foi presentado recurso de reposición fronte ao acordo anterior con data 26/06/2013, no que en síntese alega que a débeda que aparece no certificado do ORAL, que achega se debe ós impostos e taxas xerados polo inmovible do que era copropietaria co seu exmarido, e que abandonou por malos tratos como acredita coa sentenza de divorcio que achega, polo que considera que da cantidade reclamada polo ORAL, só lle corresponde o 50% (achega copia da reclamación formulada fronte a este organismo).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

Vista a documentación presentada pola interesada e en particular a certificación de débedas do ORAL que achega resulta que a única débeda que mantén é co Concello de Moaña, o que non afecta a renovación da autorización co Concello de Cangas, polo cal, acreditado que non mantén débedas con este concello e dado que reúne o resto das condicións esixidas non existe impedimento para o outorgamento da renovación que tiña solicitado.

Á vista do anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Estimar o recurso de reposición presentado por M^a ARACELI GONZÁLEZ PAREDES, contra o acordo de Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas de data 22/04/2013, polo que se declara revogada a licenza de venda ambulante da que era titular a recorrente de acordo cos antecedentes e consideracións xurídicas efectuadas.

Segundo.- Outorgar a renovación da licenza de venda ambulante para o ano natural 2013 a M^a ARACELI GONZÁLEZ PAREDES, ó abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 25/10/2011).

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ó interesado e ós departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo. Advertindo que como recursos procedentes contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, contado a partir do seguinte a esta notificación, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a resolución de recurso de reposición fronte á denegación de prórroga para o ano 2013 das licenzas municipais de venda ambulante.

6.B) RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR PATRICIA TORRES LAGOS.

Dase conta de proposta de data 24.7.13 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a resolución de recurso de reposición fronte á denegación de prórroga para o ano 2013 das licenzas municipais de venda ambulante, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN FRONTE A DENEGACIÓN DE PRÓRROGA PARA O ANO 2013 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE.

ANTECEDENTES:

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (B.O.P da provincia de Pontevedra nº 205 do 25 de outubro de 2011) no seu capítulo IV prevé que as autorizacións outórganse por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ó ano 2012, os titulares foron requiridos co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2013 no modelo formalizado proporcionado, outorgando un período de tempo para tal efecto coa advertencia de que de non presentar esta soiicitude de renovación no prazo indicado se entendería que renunciaban voluntariamente a renovación da autorización.

II.- A recorrente presentou a súa soiicitude de renovación o 25/01/2013 e foi requirida co fin de que emendase a deficiencia apreciada consistente na falta da certificación acreditativa de non ter débedas coa facenda pública por resolución notificada o 15/03/2013.

III.- Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 22/04/2013 declarouse a revogación da licenza da interesada ó non constar no expediente a subsanación requirida.

IV.- Por Patricia Torres Lagos foi presentado recurso de reposición fronte ó acordo anterior con data 31/05/2013, no que en síntese alega que presentou a documentación requirida por vía postal e achega acreditación da citada presentación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

Acreditado que con data 18/03/2013, e por tanto dentro do prazo outorgado, foi cumprimentado pola interesada o requirimento efectuado mediante a presentación da documentación a través dun dos medios previstos para tal efecto no artigo 38.4.c) da Lei 30/1992 compre estimar o recurso de reposición presentado.

Á vista do anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Estimar o recurso de reposición presentado por Patricia Torres Lagos o 31/05/2013/2013, contra o acordo de Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas de data 22/04/2013, polo que se declara revogada a licenza de venda ambulante da que era titular o recorrente de acordo cos antecedentes e consideracións xurídicas efectuadas.

Segundo.- Outorgar a renovación da licenza de venda ambulante para o ano natural 2013 a Patricia Torres Lagos ó abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 25/10/2011).

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ó interesado e ós departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, advertindo que como recursos procedentes contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de

Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, contado a partir do seguinte a esta notificación, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a resolución de recurso de reposición fronte á denegación de prórroga para o ano 2013 das licenzas municipais de venda ambulante.

7º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/RENUNCIA DE ROSA PENA SOTELO ÓS POSTOS DE FROITA Nº 1 E Nº 2 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS.

Vista a proposta de data 24.7.13 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a renuncia ós postos de froita nº 1 e nº 2 do Mercado Municipal de Abastos, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO SOBRE RENUNCIA DE ROSA PENA SOTELO ÓS POSTOS DE FROITA Nº 1 E 2 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS.

Visto o escrito de Rosa Pena Sotelo, DNI 78730294Y, con rexistro de entrada nº 8758 do 17/07/2013, polo que solicita a baixa dos postos de froita nº 1 e 2 do Mercado Municipal de Abastos, así como, os do mercadiño dos que viña gozando ata o de agora.

Visto o disposto no artigo 45 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas (BOP nº 156 do 16/08/2005) relativo as causas de finalización da concesión que prevé como un dos supostos de extinción dos dereitos de ocupación dos postos a 'renuncia do titular' .

Visto o establecido no artigo 47 do citado regulamento que establece que á extinción dos dereitos de ocupación, calquera que fose a causa, os titulares haberán de abandonar e deixar libres e baleiros, a disposición do concello, os bens obxecto de utilización.

Á vista do anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia formulada por Rosa Pena Sotelo, DNI 78730294Y, á concesión sobre os postos de froita nº 1 e 2 do Mercado Municipal de Abastos de Cangas e declarar en consecuencia extinguida a concesión demanial da que era titular, así como, calquera outros permisos especiais de ocupación no mercadiño, recordándolle que debe abandonar e

deixar libres e baleiros, a disposición do concello, os bens obxecto da concesión.

Segundo.- Dar traslado deste acordo á interesada xunto cos recursos procedentes, así como, ós departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, co fin de deixar constancia no expediente dos postos e a súa comunicación ó conserxe da praza."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a renuncia ós postos de froita nº 1 e nº 2 do Mercado Municipal de Abastos.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

8º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS.

8.A.1) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DESPARICIÓN.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por desaparición, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME E DNI	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
CARMEN LÓPEZ BARREIRO DNI nº 35.278.996-D	Avenida de Ourense, nº 58-Coiro.	Avenida de Ourense, nº 58-Coiro. Autorízase a renovación do pasaxe permanente e a sinalización horizontal con pintado do bordo da entrada en amarelo. Polo departamento de Tesourería, procederáse indicar ó departamento de Xestión de Ingresos do nº de placa de sinal concedido no seu día, para dar de baixa o referido número, así como, pola Inspección de Taxas, levar a vixilancia de onde puidera estar instalado, para proceder no seu caso á apertura do correspondente expediente de infracción.

8.A.2) SOLICITUDES DE BAIXA DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE.

Examinada a solicitude presentada en data 24.7.13 por Mª CARMEN FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, DNI nº 36.175.752-H, con enderezo na Devesa, nº 24-Coiro, na que demanda a baixa do sinal de pasaxe permanente Nº 621 instalado no referido lugar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido ó respecto pola Policía Local, acorda:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o/a interesado/a está ó corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Que por parte do/a interesado/a se proceda á devolución da placa de referencia N° 621 no Departamento de Tesourería.

TERCEIRO,- Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade co artigo 2.3 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ó cobro a taxa correspondente.

8.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN EN BAIXADA A AREAMILLA E NO FORTE DE BALEA.

Visto o escrito presentado en data 24.5.13 por ELENA TRONCOSO DURO, con DNI nº 35.937.239-S, con enderezo en Areamilla, nº 22-Darbo, no que demanda sinalización en Baixada a Areamilla desde a zona do Forte de Balea.

Visto, así mesmo, o informe emitido en data 28.5.13 pola Policía Local, no que se indica o seguinte:

"Nº. Rex. 1044/13

ASUNTO: SINALIZACIÓN DEFICIENTE NA BAIXADA A AREAMILLA E O FORTE DE BALEA.

O Policía Local de Cangas, con NIP 052023, por medio do presente, informa:

Que a instancia de ELENA TRONCOSO DURO, con DNI 35937239-S, veciña de Cangas, con enderezo en Areamilla, nº 22 Darbo, achegouse no serán do día 28 de maio do 2013, para realizar informe da sinalización existente na Baixada de Areamilla, desde Balea Centro e O Forte de Balea, xa que segundo denuncia a peticionaria, non existe unha sinalización acorde ás circunstancias da vía, orixinándose con frecuencia enfrontamentos entre conductores ó atoparse de fronte nun vial excesivamente estreito e no que é imposible a circulación en sentido dobre.

Que unha vez no lugar, pode comprobar como efectivamente non existe sinalización vertical que prohiba ós vehículos, subir pola Baixada de Areamilla desde o Forte de Balea, o que provoca que en ocasións os conductores se atopen de fronte.

Que á vista desta circunstancia e para intentar evitar un problema ou accidente entre vehículos que se atopen de fronte, sería aconsellable que se prohibira a circulación deica a Baixada de Areamilla, para os vehículos que procedan do Forte de Balea, debéndose colocar os sinais oportunos que indiquen a prohibición ó respecto, (sinal R-101, de entrada prohibida, na esquina da confluencia da Baixada a Areamilla desde o Forte de Balea, acompañana da sinal de presinalización de calzada sen saída S-15a, a entrada do camiño de Baixada desde o Forte de Balea).

Indicar que a peticionaria indicoulle ó policía que na anterior lexislatura presentara unha suxestión idéntica á presente, asinada por varios/as veciños/as, chegando incluso a entrevistarse ela coa anterior concelleira responsable de tráfico, hai aproximadamente catro anos, e aínda que lle confirmaron que ían a sinalizar o lugar, na actualidade segue sen sinalizarse.

Achégase reportaxe fotográfico ó respecto."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local, transcrito anteriormente para sinalización en Baixada a Areamilla desde a zona do Forte de Balea.

SEGUNDO.- Que polos servizos correspondentes da Oficina Técnica Municipal se proceda á sinalización indicada no informe emitido pola Policía Local.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á interesada e ós departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

URXENCIAS:

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE POSTA EN VALOR DO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DO MONTE DO FACHO.

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 30.7.13, referente a aprobación do expediente de contratación do servizo de "POSTA EN VALOR DO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DO MONTE DO FACHO", que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE POSTA EN VALOR DO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DO MONTE DO FACHO .

Vista a Resolución da Alcaldía de data 24.07.2013 polo que se incoa expediente administrativo para a contratación do servizo consistente na realización de traballos de posta en valor do xacemento arqueolóxico do Monte do Facho en Donón.

Visto que se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas e que o orzamento de licitación ascende á cantidade de 25.000,00 € (21% IVE incluído).

Visto que pola Secretaria se emitiu o correspondente informe sobre lexislación aplicable, procedemento a seguir e órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato, considerando como procedemento máis axeitado o NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, oferta economicamente máis vantaxosa e varios criterios de adxudicación, e que a Interventora municipal emitiu informe de fiscalización do expediente.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local, PROPOÑO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de posta en valor do xacemento arqueolóxico do Monte do Facho en Donón, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas (anexos a esta proposta) que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

Segundo.- Aprobar o gasto por importe de VINTE E CINCO MIL (25.000,00) EUROS, con cargo á partida 336.619 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente, debendo invitar polo menos a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato.

Cuarto.- Enviar as correspondentes invitacións ás seguintes empresas:

- BIC, MATERIALES Y CONSERVACIÓN, S.L.*
- ANTEMA RESTAURACIONES S.L.U.*
- A CITANIA ARQUEOLOXÍA, S.L.*

Quinto.- Dar traslado deste acordo ós departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención."

ANEXO I

"PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ O CONTRATO DE SERVIZOS PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS PARA A POSTA EN VALOR DO MOTE DO FACHO EN DONÓN-O HÍO, MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

ÍNDICE:

I.- ELEMENTOS DO CONTRATO.

CLÁUSULA 1ª.- Obxecto, cualificación do contrato e réxime xurídico.

CLÁUSULA 2ª.- Valor estimado do contrato e orzamento de licitación.

CLÁUSULA 3ª.- Duración do contrato.

CLÁUSULA 4ª.- Existencia de crédito e financiamento do contrato.

CLÁUSULA 5ª.- Órgano de contratación.

CLÁUSULA 6ª.- Capacidade para contratar.

CLÁUSULA 7ª.- Garantías.

CLÁUSULA 8ª.- Consulta do expediente e perfil do contratante.

II.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

CLÁUSULA 9ª.- Procedemento de selección e adxudicación.

CLÁUSULA 10ª.- Lugar e prazo para a achega de proposicións.

CLÁUSULA 11ª.- Forma e contido das proposicións.

CLÁUSULA 12ª.- Criterios de adxudicación.

CLÁUSULA 13ª.- Mesa de Contratación.

CLÁUSULA 14ª.- Cualificación da documentación xeral e apertura de proposicións.

CLÁUSULA 15ª.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

CLÁUSULA 16ª.- Renuncia.

CLÁUSULA 17ª.- Adxudicación do contrato.

CLÁUSULA 18ª.- Formalización do contrato.

III.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

CLÁUSULA 19ª.- Sucesión na persoa do contratista.

CLÁUSULA 20ª.- Modificación do contrato.

CLÁUSULA 21ª.- Responsable do contrato.

CLÁUSULA 22ª.- Obrigas do adxudicatario.

CLÁUSULA 23ª.- Execución do contrato.

CLÁUSULA 24ª.- Execución defectuosa e demora. Penalidades.

CLÁUSULA 25ª.- Prazo de garantía e devolución da garantía definitiva.

CLÁUSULA 26ª.- Resolución do contrato.

CLÁUSULA 27ª.- Gastos.

IV.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN, XURISDICCIÓN E RECURSOS

CLÁUSULA 28ª.- Prerrogativas da Administración.

CLÁUSULA 29ª.- Xurisdición competente e recursos.

V.- ANEXOS

ANEXO I.- MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE

ANEXO II.- MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

ANEXO III.- MODELO DE AVAL (GARANTÍA DEFINITIVA)

I.- ELEMENTOS DO CONTRATO

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO, CUALIFICACIÓN DO CONTRATO E RÉXIME XURÍDICO.

1.1.- É obxecto do presente contrato a realización de traballos de limpeza, conservación e posta en valor do xacemento arqueolóxico do Monte do Facho en Donón.

As especificacións técnicas dos traballos a realizar recóllense no Prego de Prescricións Técnicas (en adiante PPT).

1.2.- Código da nomenclatura CPV (Vocabulario Común de Contratos da Comisión Europea) aplicable ao contrato: 71351914-3 ? servizos arqueolóxicos, 92522100-7: servizos de preservación de lugares históricos.

1.3.-Atendendo á natureza da prestación obxecto deste contrato, este ten a consideración de contrato administrativo de servizos de conformidade co disposto no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP).

1.4.- Necesidades administrativas a satisfacer:

As necesidades administrativas a satisfacer coa subscripción deste contrato é a de cumprir coa obriga municipal de protección, conservación e mantemento do seu patrimonio histórico.

1.5.- O presente contrato rexerase polo disposto neste Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no de Prescricións Técnicas. En todo caso será de aplicación respecto de ámbolos dous pregos o establecido no artigo 68 do Regulamento Xeral da LCAP en concordancia co artigo 116-TRLCSP. O contrato que se asine axustarase ao contido deste prego cuxas cláusulas considéranse parte integrante do mesmo. No caso de discordancia entre o presente prego e calquera dos restantes documentos contractuais, prevalecerá o prego de cláusulas administrativas particulares no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

No non previsto neste prego, o contrato rexerese polas seguintes normas:

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).*
- *Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local.*
- *Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RCAP).*
- *Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.*

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista do seu cumprimento.

CLÁUSULA 2ª.- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN.

2.1.- O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 20.661,16 € de acordo co disposto no artigo 88-TRLCSP o cal dispón que o valor estimado dos contratos virá determinado polo importe total sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE).

2.2.- O orzamento máximo previsto é o seguinte:

- *Orzamento base de licitación (IVE excluído).....20.661,16 €*
- *Imposto sobre o Valor Engadido (IVE 21%).....4.338,84 €*
- *Prezo máximo do contrato.....25.000,00 €*

As proposicións económicas dos licitadores non poderán exceder deste orzamento máximo, no que se inclúen todo tipo de impostos, taxas e gastos aplicables.

2.3.- O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo e incluírá como partida independente o IVE que deba soportar o Concello. No prezo do contrato consideraranse incluídos os demais tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no presente prego, como son os gastos financeiros, beneficios, seguros, transportes e desprazamentos, e honorarios do persoal ao seu cargo que realice os traballos.

CLÁUSULA 3ª.- DURACIÓN DO CONTRATO.

Os traballos obxecto deste contrato de servizos deberán estar rematados como máximo o día 30.09.2013, xa que ese día remata a vixencia do Convenio suscrito coa Xunta de Galicia para o financiamento deste contrato.

CLÁUSULA 4ª.- EXISTENCIA DE CRÉDITO E FINANCIAMENTO DO CONTRATO.

O contrato finánciase con cargo ao Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Concello de Cangas para a posta en valor do xacemento arqueolóxico do Castro do Facho de Donón”, segundo o cal a Consellería de Cultura financiará o 100% das actividades a realizar cunha achega máxima de 25.000 € na anualidade de 2013. Consta suficiencia de crédito nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia con cargo á aplicación orzamentaria 09.21.433A.760.0 e no orzamento municipal con cargo á aplicación 336.619.

CLÁUSULA 5ª.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

O órgano de contratación que actúa en nome do Concello de Cangas é a Xunta de Goberno Local en virtude das facultades que lle foron conferidas mediante Resolución da Alcaldía de data 16.06.2011.

Este órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que xurdan na súa execución, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta con suxeición á normativa aplicable. Os acordos, previo informe xurídico que a este respecto se emita, serán inmediatamente executivos sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

Nos procedementos que se instrúan para a adopción dos acordos relativos á interpretación, modificación e resolución do contrato deberá darse audiencia ao contratista.

CLÁUSULA 6ª.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Poderán concorrer a esta licitación por si ou por medio de representantes autorizados, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, e cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e que ademais non se atopen incursas nunha prohibición de contratar (art. 60-TRLCSP), e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Polo que respecta ás causas de prohibición de contratar deberán estar referidas á data de conclusión do prazo de presentación de proposicións, e finalmente, cando se proceda á adxudicación do contrato.

As empresas estranxeiras non comunitarias, deberán reunir ademais, os requisitos establecidos no artigo 55-TRLCSP.

CLÁUSULA 7ª.- GARANTÍAS.

7.1.- De conformidade co previsto no artigo 103.1-TRLCSP, para optar á esta licitación non se esixe a constitución de garantía provisional.

7.2.- O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que dentro do prazo de 5 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que tivera recibido o requirimento, constituía garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, de acordo co artigo 151.2-TRLCSP. De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta.

A citada garantía poderá constituírse en calquera das formas admitidas no artigo 96-TRLCSP e nos artigos 55, 56, 57 e 58 do RXLCAP.

CLÁUSULA 8ª.- CONSULTA DO EXPEDIENTE E PERFIL DO CONTRATANTE.

8.1.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) así como o de Prescricións técnicas (PPT), xunto cos demais documentos que integran o expediente, estarán de manifesto na Secretaría Xeral do Concello de Cangas , ata o momento en que finalice o prazo de presentación de proposicións, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.

8.2.- Esta licitación publicarase no Perfil do Contratante. O acceso público efectuarase a través do portal da Web do Concello de Cangas (www.cangas.org). No Perfil do Contratante do órgano de contratación, publicarase os PCAP, PPT, así como a adxudicación do contrato e calquera outro dato e información referente a súa actividade contractual, de acordo co establecido no artigo 53 do TRLCSP.

II.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

CLÁUSULA 9ª.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.

A forma de adxudicación deste contrato será o procedemento negociado sen publicidade en aplicación dos artigos 169, 170, 173, 176, 177 e 178 do TRLCSP, debendo solicitar ofertas polo menos a tres empresas, sempre que elo fose posible, capacitadas para a realización do obxecto do contrato.

CLÁUSULA 10ª.- LUGAR E PRAZO PARA A ACHEGA DE PROPOSICIÓNS.

Poderán concorrer a esta licitación aqueles empresarios que reciban unha invitación por parte do Concello para participar na mesma.

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello sito na Avda. Castelao n.º 2 de Cangas, en horario de 9:30 a 13:30, no prazo de 5 días naturais contados desde o seguinte ao da recepción da invitación.

Tamén poderán remitirse por correo; neste caso, de conformidade co sinalado no artigo 84-RXLCAP, o interesado deberá acreditar co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación o mesmo día no que se presente, mediante fax ao número 986.304.850, a remisión da solicitude de participación. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a solicitude. Non obstante, transcorridos dez días naturais desde a indicada data sen terse recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso (art. 80.4-RXLCAP).

Cada candidato non poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha solicitude en unión temporal con outros empresarios si xa o fixo individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal. O incumprimento desta prohibición dará lugar á inadmisión de tódalas solicitudes por el subscritas ou nas que figure. A presentación da solicitude supón, por parte do candidato, a aceptación incondicional do clausulado deste prego e do de prescricións técnicas sen salvidade nin reserva algunha.

CLÁUSULA 11ª.- FORMA E CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS.

As proposicións presentaranse en TRES SOBRES pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, debendo figurar no exterior de cada un deles a denominación do contrato ao que optan, o nome do sobre (A, B ou C), nome e apelidos do licitador ou razón social da empresa e o seu correspondente NIF ou CIF, e no seu caso o número inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas e Subcontratación da Xunta de Galicia. No seu interior fará constar unha relación numérica dos documentos que contén.

Os sobres a presentar son os seguintes:

SOBRE A: <<DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA>>, que incluírá a seguinte documentación:

A) Capacidade de obrar.

A-1) Empresario individual: fotocopia compulsada do NIF, Pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. De non ser esixible, achegarse escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial.

Fotocopia da tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas non españolas pertencentes á Unión Europea ou de Estados firmantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar acreditarase mediante a súa inscrición nun rexistro profesional ou comercial, cando este requisito sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo, ou a presentación das certificacións que se indican no Anexo I.3–RCAP, para os contratos de servizos.

Terán capacidade para contratar co sector público as empresas non españolas de Estados membros da UE que, de acordo coa lexislación do Estado en que están establecidas, se atopen habilitadas para realizar a prestación de que se trate. Cando a lexislación do Estado en que se atopan establecidas estas empresas esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder realizar a prestación de que se trate, deberán acreditar que cumpren con este requisito.

A-4) Empresas non comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas estranxeiras non comprendidas nos apartados anteriores, acreditarase mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou da Oficina Consular de España en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á UE deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa, admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma sustancialmente análoga.

A-5) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberá presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante (artigo 146.1.d -TRLCSP).

Así mesmo, as empresas estranxeiras achegarán a súa documentación traducida de forma oficial ao castelán.

B) Empresas estranxeiras non comunitarias con sucursal en España.

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para ás súas operacións e que estea inscrita no correspondente Rexistro (art. 55.2 – TRLCSP).

C) Poderes.

Os licitadores poderán concorrer por si mesmos ou representados por outra persoa con poder bastante ou documento que xustifique de modo legal a personalidade para xestionar en nome e representación do seu poderdante. Cando en nome dunha sociedade concorra algún representante da mesma, deberá xustificar igualmente a representación mediante poder.

D) Bastanteo de poderes:

Os poderes a que se refire este apartado c), deberán bastantearse previamente pola Secretaria Xeral da Corporación ou funcionario habilitado. Non obstante e con carácter excepcional, os documentos acreditativos da representación poderán ser cualificados pola Secretaria Xeral no mesmo acto de apertura do sobre A, consignándose por esta expresamente si a documentación achegada é bastante para o exercicio polo representante das facultades de licitar en relación co expediente concreto.

E) Clasificación:

Non se esixe (de acordo co disposto no artigo 65.1-TRLCSP).

F) Declaración responsable de non atoparse incurso en prohibición de contratar coa Administración:

Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas pola lexislación vixente, así como de non atoparse incurso en ningunha das causas de prohibición para contratar sinaladas no artigo 60-TRLCSP, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tales extremos deba achegarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a cuxo favor se realice esta (modelo Anexo II).

G) Pago do imposto de actividades económicas:

Certificación ou recibo acreditativo do pago do Imposto de Actividades Económicas (IAE) correspondente á actividade concreta sobre a que se oferta, xunto cunha declaración responsable asinada polo licitador na que se faga constar que non se deu de baixa na matrícula do citado imposto.

Para o caso de estar exento conforme ao artigo 82-Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Regulador adas Facendas Locais, acreditarase esta circunstancia por mera comunicación escrita se se trata de persoas físicas, e no caso de persoas

xurídicas, achegando ben o modelo 201 do Imposto de Sociedades do último exercicio presentado na Delegación do Ministerio de Facenda correspondente, ou ben, acompañando comunicación da cifra de negocios regulada na Orde HAC/85/2003, do 23 de xaneiro (BOE núm. 24, de 28/01/2003).

H) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59-TRLCSP.

I) Declaración de empresas vinculadas.

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo nos termos á que se refire o art. 145.4 -TRLCSP, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por tódalas empresas vinculadas que concorran á licitación.

J) Acreditación da solvencia económica e financeira, e técnica.

A xustificación da solvencia económica e financeira poderá acreditarse por algún dos medios sinalados a continuación:

- Informe de institución financeira no que, mencionando expresamente o obxecto e contía do contrato, sinala que é solvente economicamente para afrontalo.*
- Seguro de indemnización por riscos profesionais.*
- Presentación das contas anuais correspondentes aos últimos 3 anos presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda.*
- Declaración sobre a cifra global de negocios referida aos últimos 3 anos, mediante a presentación da declaración anual de operacións con terceiros.*

A xustificación da solvencia técnica poderá acreditarse por algún dos medios sinalados a continuación:

- Presentación do certificado de clasificación administrativa como contratista referente ao obxecto da presente licitación expedido pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado ou polo Rexistro de Contratistas e Subcontratación da Xunta de Galicia.*
- Relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e destinatario, indicando se é público ou privado. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario*

sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este, ou a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

** Especialidades de solvencia en relación coas unións temporais de empresarios:*

Cada un dos empresarios que a compoñan deberán acreditar a súa capacidade de obrar e solvencia, conforme cos apartados anteriores. En todo caso, aos efectos de acreditar a solvencia económica e financeira, e técnica, permitirase a acumulación sempre que todas e cada unha das empresas que integran a unión temporal, acrediten ter executados contratos do mesmo tipo.

Considerarase que unha empresa ten solvencia económica e financeira e técnica se cumpre cos criterios de solvencia que se sinalan na cláusula 11ª deste prego.

K) Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:

Os licitadores presentarán o seguinte documento:

<<D/Dª, no seu propio nome (ou na representación da empresa), acepto expresamente que as comunicacións e notificacións que realice o Concello de Cangas, se realicen mediante o seu envío ao fax núm.: ou ao correo electrónico:

*.....
En, a de de 2013
Selo e sinatura do licitador, >>*

L) Xustificación traballadores con discapacidade.

No seu caso, os licitadores xustificarán que teñen no seu plantel un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%.

M) Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas.

Os licitadores que acheguen certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas e Subcontratación da Xunta de Galicia a que se refire o artigo 83-TRLCSP, ou ben un certificado comunitario de clasificación conforme ao establecido no artigo 84-TRLCSP acompañado dunha declaración responsable do licitador na que manifieste que as circunstancias reflectidas no certificado non variaron, quedarán dispensadas de achegar os documentos sinalados na Cláusula 10ª apartados A-1, A-2, A-3, C, D, E e F sempre que o certificado acredite tales extremos.

A estes efectos acompañarase certificado no que conste o cumprimento dos requisitos dos ditos apartados e deberán indicar no exterior do Sobre A o

número de rexistro que teñen asignado indicando ademais a qué rexistro pertence (Comunitario, Estatal ou da CA Galicia). O órgano de contratación ou a mesa de contratación poderán comprobar os datos do certificado achegado e obter o mesmo actualizado á data en que remate o prazo de presentación de proposicións.

N) Índice de documentos que integran o sobre:

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente, de conformidade co artigo 80.1 do RXLCAP.

SOBRE B: <<DOCUMENTACIÓN TÉCNICA>>: documentación correspondente á valoración de criterios avaliábeis mediante xuízos de valor, que deberá incluír:

- Proposta técnica que inclúa a descrición dos traballos a realizar, persoal a empregar (numero de traballadores, titulación, etc), calendario de actuación, etc.*
- Proposta detallada sobre as melloras ofertadas que sexan tecnicamente relevantes con respecto ao mínimo solicitado.*

Este Sobre B non poderá conter ningunha documentación nin dato relativo aos criterios avaliábeis mediante fórmulas, que necesariamente deberán constar no Sobre C. No caso de que algún licitador inclúa no sobre B datos ou documentos do Sobre C será excluído da licitación.

SOBRE C: <<PROPOSICIÓN ECONÓMICA>>: correspondente á valoración de criterios avaliábeis mediante fórmulas:

- A proposición económica presentarase redactada conforme ao modelo fixado no anexo II do presente prego, non aceptándose aquelas que conteñan omisións, erros ou tachaduras que impidan coñecer claramente o que a Administración estime fundamental para considerar a oferta. Si algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, comportase erro manifesto no importe da proposición ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adolece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desbotada pola Mesa de contratación, sen que sexa causa bastante para o rexeitamento, o cambio ou omisión dalgunhas palabras do modelo se non altera o seu sentido.*
- Na proposición deberá indicarse como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido.*
- En caso de que neste sobre C se inclúa documentación que debера constar no sobre B, non será tida en conta.*

CLÁUSULA 12ª.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Para a valoración das propostas e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase aos seguintes criterios:

A).- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR: 40 puntos.

- 1 Proxecto técnico Ata 30 puntos.*
- 2 Melloras ofertadas Ata 10 puntos.*

B).- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS: 60 puntos.

- 1 Menor prezo ofertado Ata 40 puntos.*
- 2 Maior prazo de garantía Ata 20 puntos.*

A).- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR.....ATA 40 PUNTOS.

Presentarase pechado e incluírá a documentación relativa a valoración de criterios non avaliados mediante fórmulas aritméticas, senón que dependen dun xuízo de valor. En particular deberá incluírse:

A.1.- Proxecto técnico. Ata un máximo de 30 puntos.

- Proxecto técnico que inclúa os traballos a realizar, o persoal a empregar na realización do servizo indicando titulación, experiencia profesional, etc, calendario de actuación, etc

A.2.- Melloras ofertadas. Ata un máximo de 10 puntos.

- Proposta detallada sobre as melloras ofertadas que sexan tecnicamente relevantes con respecto ao solicitado. Deberán especificarse obrigatoriamente os seguintes aspectos de cada unha das melloras ofertadas:

- o Descrición técnica*
- o Unidades que comprende*
- o Prezo unitario con IVE incluído*

No suposto de non incluírse algún dos aspectos sinalados, as melloras non serán valoradas.

B).- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS.....ATA 60 PUNTOS

B.1.- Menor prezo ofertado. Ata un máximo de 40 puntos.

- Menor prezo ofertado polo licitador: ata 40 puntos*
Aplicaras ea seguinte fórmula para realizar a valoración:

PUNTOS= $\frac{\text{prezo licitación} - \text{oferta a valorar}}{\text{prezo licitación} - \text{oferta máis económica}} \times \text{puntuación máxima}$

B.2.- Maior prazo de garantía. Ata un máximo de 20 puntos.

Valorarase o maior prazo de garantía. Corresponderá a máxima puntuación ao maior prazo de garantía ofertado sobre o mínimo contractual (1 ano), distribuíndose a puntuación proporcionalmente ás restantes de forma lineal mediante unha regra de tres simple directa.

CLÁUSULA 13ª.- MESA DE CONTRATACIÓN.

A Mesa de Contratación será o órgano administrativo que cualificará os documentos achegados e procederá en acto público, á apertura de proposicións (técnica e económica) elevando a acta con proposta de adxudicación ao órgano de contratación que teña que efectuar a adxudicación do contrato.

CLÁUSULA 14ª.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL E APERTURA DE PROPOSICIÓN S .

A Mesa de Contratación que intervirá na presente contratación, procederá a cualificar en acto non público, a documentación a que se refire o artigo a 146-TRL CSP achegada no Sobre A. O/A Presidente/a ordenará a apertura dos sobres e o/a secretario/a certificará a relación de documentos que figuren nel.

Se a Mesa de Contratación observara defectos ou omisións emendables na documentación que se inclúe no sobre A, ou necesitase aclaracións sobre a mesma, comunicarao verbalmente aos interesados, sen prexuízo de que esta circunstancia se faga pública a través de anuncios no perfil do contratante do órgano de contratación, concedendo un prazo non superior a 3 días hábiles para que os licitadores corrixan, emenden ou aclaren a documentación requirida.

Do actuado deixarase constancia na acta que ao efecto necesariamente deberá redactarse.

Unha vez emendados no seu caso, os defectos ou omisións da documentación achegada, e cualificada toda a documentación, a Mesa de Contratación, procederá a declarar os licitadores admitidos e os rexeitados, indicando as causas do seu rexeitamento.

Concluída a fase anterior, celebrarase en acto público a apertura do Sobre B, no lugar, día e hora que se sinale mediante anuncio no perfil do contratante. Este acto desenvolverase seguindo as formalidades previstas nos artigos 26 e 27 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio e no non previsto neles, rexerese polo artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

A documentación do sobre B, relativa a acreditación de criterios avaliados mediante xuízos de valor poderá trasladarse aos técnicos municipais competentes para a súa valoración.

No día e hora indicados no perfil do contratante, procederase a apertura do sobre C, relativo a documentación que deba avaliarse mediante a aplicación de fórmulas aritméticas. Este acto comezará coa lectura da valoración outorgada á documentación avaliada mediante xuízos de valor, procedendo a continuación, á avaliación da documentación contida no sobre C.

As proposicións afectas por calquera das causas precisadas no art. 84 do RD 1098/2001, serán rexeitadas motivadamente.

Na valoración das ofertas deberá terse en consideración o disposto no artigo 30 do RD 817/2009, do 8 de maio.

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu plantel maior número de traballadores con discapacidade (non inferior ao 2%), de conformidade coa Disposición Adicional 4ª –TRLCSP.

A Mesa clasificará, por orden decrecente, as proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar a dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego ou no anuncio podendo solicitar para elo cantos informes técnicos estime pertinentes. A clasificación realizada remitirase ao Órgano de contratación con proposta de adxudicación a favor do contratista que presentara o oferta economicamente máis vantaxosa.

A proposta de adxudicación feita pola mesa de contratación, non creará ningún dereito a favor do adxudicatario fronte a Administración. O órgano de contratación terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición economicamente máis vantaxosa mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente Prego, ou declarar deserta a licitación motivando en todo caso a súa resolución cando ningunha oferta sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste Prego.

CLÁUSULA 15ª.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.

Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de 5 días xustifiquen as ditas ofertas achegando a documentación correspondente. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos Servizos Técnicos a fin de que emitan o correspondente informe.

Considerarase en principio, como desproporcionada ou temeraria a baixa de toda proposición cuxo porcentaxe exceda en dez unidades, polo menos, á media aritmética das porcentaxes de baixa de tódalas proposicións achegadas e admitidas, sendo criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou temerario da baixa, os seguintes:

- *Adecuada xustificación dos prezos ofertados.*
- *Programa detallado de execución do contrato.*
- *Volume de servizos xa contratados, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador.*

De conformidade co artigo 85.2-RXLCAP, no suposto de que so concorran dous licitadores, considerarase desproporcionada ou temeraria a oferta que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.

CLÁUSULA 16ª.- RENUNCIA.

A presentación da oferta vincula ao contratista coa Administración de tal xeito que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución do servizo, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (por exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois da apertura de plicas, da proposta da Mesa, da adxudicación, ou antes da formalización do contrato, etc) faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e prexuízos causados á Administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP.

Tendo en conta que neste procedemento os licitadores non están obrigados a constituír garantía provisional, a Corporación poderá esixir o dito importe mediante o procedemento de apremio, así como para a indemnización de danos e prexuízos.

A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormais ou desproporcionados, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola Administración, terá as mesmas consecuencias i efectos indicados nos parágrafos anteriores. Non obstante, no caso de que a Administración non acordara a adxudicación no prazo de dous meses a contar dende a apertura de proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición de conformidade con artigo 161.4- TRLCSP.

CLÁUSULA 17ª.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles (art. 151.2-TRLCSP), a contar desde o seguinte a aquel en que tivera recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

- *Xustificante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (estatais e coa Comunidade Autónoma) e coa Seguridade Social.*
- *Xustificante de ter constituída garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, por calquera dos medios a que se refire o artigo 96-TRLCSF.*
- *Xustificante de non ter débedas co Concello de Cangas.*

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos. De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedarán clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no presente prego.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer, conforme ao artigo 40-TRLCSF, recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación.

CLÁUSULA 18ª.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo o dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato, cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos 15 días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no art. 151.4-TRLCSF.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional, que no seu caso se esixira. Se as causas da non formalización foran imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puidera ocasionar.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización, excepto nos casos previstos no artigo 113-TRLCSP.

III.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

CLÁUSULA 19ª.- SUCESIÓN NA PERSOA DO CONTRATISTA.

De conformidade con artigo 85-TRLCSP, nos casos de fusión, escisión, aportación ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato coa entidade absorbente ou resultante, quedando subrogada en tódolos dereitos e obrigas derivadas do mesmo, sempre que teña a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación ou que as sociedades participantes nas ditas operacións responsabilícense solidariamente da execución do contrato. En caso contrario, resolverase o contrato considerándose a tódolos efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario.

CLÁUSULA 20ª.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

Unha vez perfeccionado o contrato poderase introducir as modificacións correspondentes por altas e baixas dos bens e instalacións obxecto do contrato. O adxudicatario efectuará as compensacións que procedan a favor ou en contra do Concello, ao obxecto de manter en todo momento o equilibrio inicial da contratación.

Serán obrigatorias para o contratista as modificacións do contrato que se acorden de conformidade co establecido no artigo 219 e nos artigos 105 e seguintes –TRLCSP.

De conformidade co artigo 105.2, a modificación do contrato non poderá realizarse co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato a fin de que poda cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do mesmo, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. Nestes supostos, deberase proceder a unha nova contratación da prestación correspondente, na que poderá aplicarse o réxime establecido para a adxudicación de contratos complementarios se concorren as circunstancias previstas no artigo 174.b)-TRLCSP.

En canto ás modificacións non previstas na documentación que rexe esta licitación estarase ao disposto ao artigo 107-TRLCSP.

CLÁUSULA 21ª. RESPONSABLE DO CONTRATO.

O órgano de contratación poderá designar un responsable do contrato, quen supervisará a correcta execución do contrato e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación de cara a asegurar a mesma.

CLÁUSULA 22ª.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego e observando fielmente o establecido no prego de prescricións técnicas.

O adxudicatario responderá perante o Concello polo incumprimento ou demora no cumprimento das súas obrigas contractuais, e executarará o servizo de acordo coa lexislación vixente na materia obxecto deste contrato.

Así mesmo deberán cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que ostentará a tódolos efectos, a condición de empresario.

CLÁUSULA 23ª.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista. O contrato executarase con suxeición ó establecido no clausulado e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación de ó contratista o órgano de contratación.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para o Concello ou para terceiros das omisións, erros, métodos inaxeitados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

O contratista non poderá substituír ó persoal facultativo adscrito á realización dos traballos, sen a expresa autorización do órgano de contratación ou responsable do contrato, no caso de ser este último designado por aquel.

O contratista está obrigado a gardar silencio respecto ós datos e antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato, dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo.

O contratista deberá ter subscritos os seguros obrigatorios, así como un seguro que cubra as responsabilidades que se deriven da execución do contrato.

CLÁUSULA 24ª.- EXECUCIÓN DEFECTUOSA E DEMORA. PENALIDADES.

O contratista está obrigado ao cumprimento do contrato con estrita suxeición ao establecido neste prego de cláusulas que o regulan, ao consignado na súa proposición e as ordes que lle curse o responsable do contrato no seu caso, ou o competente para a vixilancia do contrato, para unha mellor realización dos traballos.

De conformidade co artigo 212-TRLCSP que dispón que os pregos poderán prever penalidades para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do mesmo ou para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato, establécense as seguintes penalidades:

a) Terán a consideración de infraccións leves aquelas que, pese ao incumprimento das cláusulas contractuais, non supoñan un prexuízo de gran entidade, conlevarán unha penalidade de ata 300€ e se tipifican como tales as seguintes:

- As que impliquen negligencia na prestación do servizo e non supoñan unha alteración grave para o seu funcionamento.

- A omisión do deber de comunicar as incidencias ou anomalías, non imputables ao contratista e que sexan detectadas.

b) Terán a consideración de infraccións graves e conlevarán unha penalidade de 300 € ata 1500 € as seguintes:

- A reiteración na comisión de tres faltas leves.

- A desobediencia ás ordes do responsable para a vixilancia do contrato.

- As accións u omisións que alteren a regularidade na prestación do servizo.

- A carencia de elementos necesarios para a prestación do servizo.

- O trato irrespetuoso ao público, persoal municipal ou axentes da autoridade, así como calquera acción do persoal que supoña un desprestixio do servizo.

- No acudir a las reunións de seguimento do contrato cando sexa convocado.

c) Terán a consideración de infraccións moi graves e darán lugar á rescisión do contrato, sen prexuízo da aplicación das sancións ás que dese lugar a xuízo do Órgano de Contratación, tódalas que supoñan un incumprimento das condicións do contrato ou unha deficiente xestión do servizo, ademais das seguintes:

- Obstaculizar a inspección ou fiscalización do persoal municipal.

- Incumprir as normas laborais ou convenio colectivo do persoal a empregar.

- Ceder o contrato sen a debida autorización municipal.

- Incumprir obrigas salariais ou de seguridade social respecto aos traballadores a empregar.

- Reiterar a comisión de dúas infraccións graves. CON PES

CLÁUSULA 25ª.- PRAZO DE GARANTÍA E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

O prazo de garantía é de un ano a contar dende a data en que se asine a acta de recepción do servizo realizado. Durante este período o adxudicatario queda obrigado a efectuar as labores de conservación e policía que se lle

demanden, séndolle a el imputables, salvo proba en contra, dos danos que xurdan durante este período.

A devolución da garantía definitiva producirase unha vez transcorrido o dito ano, previo informe favorable emitido polo responsable do contrato ou persoa encargada da súa supervisión.

CLÁUSULA 26ª.- RESOLUCIÓN DOS CONTRATOS.

26.1.- Serán causas de resolución do contrato as previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP, cos efectos previstos no art. 225 e 309 do TRLCSP.

26.2.- Outras causas de resolución:

26.2.1.- Ademais das anteriores, constituirán causa de resolución imputable ó contratista as seguintes:

26.2.1.a).- O incumprimento da obriga de gardar sigilo.

26.2.1.b).- O abandono por parte do contratista do servizo obxecto do contrato: Entenderase producido o abandono cando a prestación non se realice coa regularidade axeitada ou cos medios humanos e materiais precisos para a normal execución do contrato no prazo estipulado. Non obstante, cando se de este suposto, o Concello, antes de declarar a resolución, requirirá ó contratista para que regularice a situación no prazo de cinco días a contar dende o requirimento.

26.2.1.c).- A incursión do contratista, durante a vixencia do contrato, en algunha das prohibicións sinaladas na normativa vixente ou en incompatibilidade, sen a obtención inmediata da correspondente compatibilidade.

26.2.2.- O acaecemento de calquera destas causas, nos termos establecidos, facultará ó órgano de contratación para dar por resolto o contrato, coa indemnización de danos e prexuízos e demais efectos que procedan conforme á normativa aplicable, podendo optar pola execución subsidiaria, realizando as obrigas incumpridas ou continuando a execución do contrato por si ou a través das persoas ou empresas que determine, a costa do contratista. O importe da garantía responderá de todo iso, en canto alcance, e sen prexuízo da responsabilidade xeral do contratista.

CLÁUSULA 27ª.- GASTOS

- Os gastos do anuncio de licitación, no seu caso, serán asumidos polo adxudicatario.

- TAXA POR BASTANTEO: o bastanteo de poderes pola Secretaría Xeral está suxeito á taxa por expedición de documentos administrativos por importe

de 6,01 euros, debendo achegarse ó documento carta de pago expedida pola Tesourería Municipal.

IV.- PRERROGATIVAS DA ADMNINISTRACIÓN, XURISDICCIÓN E RECURSOS.

CLÁUSULA 28ª.- PRERROGATIVAS DA ADMNINISTRACIÓN.

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente poderá modificar os contratos celebrados e acordar a súa resolución dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados no TRCLP e demais normativa de aplicación.

Os acordos que dicte o órgano de contratación, previo informe xurídico dos órganos competentes, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

CLÁUSULA 29ª.- XURISDICCIÓN COMPETENTE.

A xurisdicción contencioso-administrativa coñecerá das cuestións litixiosas relacionadas co contrato a que se refire o art. 21.1 do TRLCSP.

As cuestións litixiosas serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a interpoñer recurso Contencioso-Administrativo, consonte ó disposto pola Lei Reguladora de dita Xurisdicción, previa interposición, no seu caso, do recurso potestativo de reposición e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Os actos que se diten nos procedementos de adxudicación de contratos que non reúnan os requisitos previstos no artigo 40 do TRLCSP, serán susceptibles de recurso en vía administrativa conforme ó disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e recurso Contencioso-Administrativo, consonte ó disposto pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Recurso especial en materia de contratación:

Con carácter potestativo, poderá interpoñerse o recurso especial en materia de contratación previsto no art. 40 do TRLCSP nos supostos contemplados no mesmo. Contra a resolución do recurso só procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE.

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA CONTRATAR ESTABLECIDAS NO ARTIGO 60 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO APROBADO MEDIANTE REAL DECRETO LEXISLATIVO 3/2011, do 14 de novembro.

Don/dona _____, con domicilio en _____, provincia de _____, rúa _____ n.º _____, con DNI n.º _____, actuando en nome propio / ou en representación da empresa _____, con CIF n.º _____ e domicilio social na rúa _____ n.º _____ da cidade de _____, á cal represento en calidade de (administrador/ apoderado/ representante legal/ etc, ou o que corresponda), ante a Mesa de Contratación constituída para a tramitación do expediente relativo á contratación do servizo consistente na realización de traballos para a posta en valor do xacemento arqueolóxico do Monte do Facho-Donón.

DECLARO: que nin o asinante desta declaración, nin a persoa xurídica á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, se atopan incursos en ningunha das prohibicións para contratar definidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado mediante real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro , non concorrendo en consecuencia, circunstancia algunha das descritas na indicada referencia legal.

Así mesmo e de forma expresa, faise constar que a persoa xurídica á que represento se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expídese e asina a presente declaración, en _____, a ____ de _____ de 2013.

(sinatura do representante e selo da empresa)

ANEXO III

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA.

D....., co D.N.I. n.º:.....; actuando en nome propio / en representación da entidade..... con CIF N.º..... con enderezo a efectos de notificacións en

EXPÓN: que tendo coñecemento da licitación aberta polo Concello de Cangas para a contratación do servizo consistente na realización de traballos para a posta en valor do xacemento arqueolóxico do Monte do Facho-Donón, fai constar expresamente que:

1. *Acepta tomar parte na indicada licitación de acordo coas condicións previstas polo Concello de Cangas.*

2. *Coñece e acepta de forma plena e sen condición algunha o prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación e que, xunto cos pregos técnicos, forman parte daquel, aceptando integramente os termos, cláusulas e obrigas contidos nos documentos indicados, sen excepción de ningún tipo.*

3. *Comprométese á execución do contrato ofertado nas seguintes condicións:*

- Prezo ofertado (IVE excluído).....en número e letra

- Imposto sobre o Valor Engadido (IVE %).....en número e letra

- Prezo total ofertado en número e letra

- Prazo de garantía ofertado a maiores sobre o prazo previsto contractualmente (1 ano)

4. *Achega no Sobre B "Memoria técnica", a documentación relativa aos criterios avaliados mediante xuízos de valor.*

5. *Achega no Sobre C "Proposta económica", a documentación relativa a criterios avaliados mediante fórmulas.*

6. *Comprometese e obrigase expresamente a presentar no Rexistro Xeral do Concello e dentro do prazo establecido neste prego, a documentación requirida para a formalización do contrato.*

(LUGAR E DATA)

O LICITADOR

(Sinatura do representante legal e soo da empresa)

ANEXO IV

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), NIF, con domicilio (a efectos de notificacións e requirimentos) na rúa/praza/avenida, código postal, localidade, e no seu nome (nome e apelidos dos apoderados), con poderes suficientes para obrigarlle neste acto, segundo resulta do bastanteo de poderes que se reseña na parte inferior deste documento, AVALA

A (nome e apelidos ou razón social do avalado), NIF, en virtude do disposto por: (norma/s e artigo/s que impoñen a constitución desta garantía) para responder das obrigas seguintes: (detallar o obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantido), ante o Concello de Cangas, por importe de: (en letra e en cifra).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Este aval outórgase solidariamente respecto ó obrigado principal, con renuncia expresa ó beneficio de excusión e con compromiso de pago ó primeiro requirimento do Concello de Cangas, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos das Administracións Públicas e nas súas normas de desenvolvemento.

O presente aval estará en vigor ata que o Concello de Cangas ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para autorizar a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro).

*(Lugar e data)
(razón social da entidade)
(sinatura do/s apoderado/s)."*

ANEXO V

"PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁ O CONTRATO DE SERVIZO PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS PARA A POSTA EN VALOR DO MONTE DO FACHO EN DONÓN-O HÍO, MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE .

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO DO CONTRATO.

O actual estado de deterioro e abandono que sofre o xacemento arqueolóxico do Monte do Facho, no que se viñeron realizando traballos de investigación arqueolóxica entre os anos 2003 e 2008, fan necesaria unha actuación urxente que facilite o acceso ao monte e ao xacemento arqueolóxico, permita a recuperación e conservación dos restos xa exhumados nas seis campañas de traballo arqueolóxico, que permita tamén a visión do patrimonio posto ao descuberto para o público, á vez que artelle a circulación dos visitantes polo xacemento sen que prexudique a conservación do mesmo. Ademais deberase potenciar e mellorar a información que de xeito provisional tentaba axudar a coñecer o xacemento e entender os restos arqueolóxicos.

Para a consecución do exposto, os traballos a realizar consistirán en:

- Limpeza mediante desbroce dos accesos, así como do entorno da área escavada.*
- Retirada manual de vexetación que haxa na zona escavada.*

- *Reposición dos elementos que delimitaban e protexían a área escavada: peche da mesma con postes, corda e ramplas de acceso.*
- *Avaliación do estado de conservación dos restos.*
- *Recuperación e remate dos traballos de consolidación xa realizados e afectados polo estado actual de abandono.*
- *Restauración das estruturas máis afectadas polo recente deterioro, ou aquelas máis relevantes para a comprensión do xacemento no seu conxunto.*
- *Creación de infraestrutura que permita a visión dos elementos patrimoniais recuperados: definición dun circuío para a visita á área escavada con pasarelas de madeira que permitan a circulación e ao mesmo tempo protexan os restos arqueolóxicos.*
- *Colocación das réplicas das aras.*
- *Sinalización e colocación de carteis informativos.*

CLÁUSULA 2ª.- PRAZO DE EXECUCIÓN.

Os traballos obxecto deste contrato de servizos deberán estar rematados como máximo o día 30.09.2013, xa que ese día remata a vixencia do Convenio suscrito coa Xunta de Galicia para o financiamento deste contrato.

CLÁUSULA 3ª.- PRAZO DE GARANTÍA.

Os traballos realizados terán un prazo de garantía de un ano a contar dende a data en que se asine acta de recepción do servizo prestado, salvo que o adxudicatario ofertase na súa proposta un prazo de garantía superior. Durante este período o adxudicatario queda obrigado a efectuar as labores de conservación e policía que se lle demanden, séndolle a el imputables, salvo proba en contra, dos danos que xurdan durante este período.

CLÁUSULA 4ª.- INFORME FINAL E MEMORIA DE INTERVENCIÓN.

No prazo de UN MES a contar dende a sinatura da acta de recepción do servizo realizado, o adxudicatario deberá entregar no Concello un informe final sobre o servizo prestado que inclúa unha memoria co estado previo da zona onde se vai actuar, desenvolvemento dos traballos e resultado final do mesmo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación do expediente de contratación do servizo de POSTA EN VALOR DO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DO MONTE DO FACHO.

B) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A SINALIZACIÓN DO ROTEIRO DE CABO HOME EN DONÓN.

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 30.7.13, referente a aprobación do expediente de contratación do servizo para a "SINALIZACIÓN DO ROTEIRO DE CABO HOME EN DONÓN", que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A SINALIZACIÓN DO ROTEIRO DE CABO HOME EN DONÓN.

Vista a Resolución da Alcaldía de data 24.07.2013 polo que se incoa expediente administrativo para a contratación do servizo consistente na realización de traballos de sinalización do roteiro de Cabo Home en Donón.

Visto que se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

Visto que o orzamento de licitación ascende á cantidade de cantidade de 19.987,50 € (IVE excluído) dividido en dúas anualidades (2013?10.993,13 € e 2014?8.994,37 €).

Debido á urxencia que se precisa na tramitación deste expediente por mor dos prazos de xustificación da subvención, non constan emitidos informes de Secretaría e Intervención.

Consta RC por importe de 13.301,68 € correspondente á anualidade 2013.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local, PROPOÑO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de sinalización do roteiro de Cabo Home en Donón, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas (anexos a esta proposta) que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

Segundo.- Aprobar o gasto por importe de 10.993,13 € identificado no vixente orzamento municipal como proxecto 2013-002 subproxecto 01 "Sinalización roteiros en Cabo Home", con cargo á aplicación orzamentaria 170.609 "Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral".

Terceiro.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente, debendo invitar polo menos a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato.

Cuarto.- Enviar as correspondentes invitacións ás seguintes empresas:

- *CONTENUR, S.L.*
- *EXTRACO, CONSTRUCCIÓNS E PROXECTOS S.A.*

- *XOGOS E OBRAS COGUMELO, S.L.*

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó departamento municipal de Apoio Xurídico."

ANEXO I

"PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ O CONTRATO DE SERVIZOS PARA A SINALIZACIÓN DO REOTEIRO DE CABO HOME EN DONÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE .

ÍNDICE:

I.- ELEMENTOS DO CONTRATO.

- CLÁUSULA 1ª.- Obxecto, cualificación do contrato e réxime xurídico.*
- CLÁUSULA 2ª.- Valor estimado do contrato e orzamento de licitación.*
- CLÁUSULA 3ª.- Duración do contrato.*
- CLÁUSULA 4ª.- Existencia de crédito e financiamento do contrato.*
- CLÁUSULA 5ª.- Órgano de contratación.*
- CLÁUSULA 6ª.- Capacidade para contratar.*
- CLÁUSULA 7ª.- Garantías.*
- CLÁUSULA 8ª.- Consulta do expediente e perfil do contratante.*

II.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

- CLÁUSULA 9ª.- Procedemento de selección e adxudicación.*
- CLÁUSULA 10ª.- Lugar e prazo para a achega de proposicións.*
- CLÁUSULA 11ª.- Forma e contido das proposicións.*
- CLÁUSULA 12ª.- Criterios de adxudicación.*
- CLÁUSULA 13ª.- Mesa de Contratación.*
- CLÁUSULA 14ª.- Cualificación da documentación xeral e apertura de proposicións.*
- CLÁUSULA 15ª.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.*
- CLÁUSULA 16ª.- Renuncia.*
- CLÁUSULA 17ª.- Adxudicación do contrato.*
- CLÁUSULA 18ª.- Formalización do contrato.*

III.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

- CLÁUSULA 19ª.- Sucesión na persoa do contratista.*
- CLÁUSULA 20ª.- Modificación do contrato.*
- CLÁUSULA 21ª.- Responsable do contrato.*
- CLÁUSULA 22ª.- Obrigas do adxudicatario.*
- CLÁUSULA 23ª.- Execución do contrato.*
- CLÁUSULA 24ª.- Execución defectuosa e demora. Penalidades.*
- CLÁUSULA 25ª.- Prazo de garantía e devolución da garantía definitiva.*

CLÁUSULA 26ª.- Resolución do contrato.

CLÁUSULA 27ª.- Gastos.

IV.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN, XURISDICCIÓN E RECURSOS.

CLÁUSULA 28ª.- Prerrogativas da Administración.

CLÁUSULA 29ª.- Xurisdición competente e recursos.

V.- ANEXOS.

ANEXO I.- MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE

ANEXO II.- MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

ANEXO III.- MODELO DE AVAL (GARANTÍA DEFINITIVA)

I.- ELEMENTOS DO CONTRATO.

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO, CUALIFICACIÓN DO CONTRATO E RÉXIME XURÍDICO.

1.1.- É obxecto do presente contrato a realización traballos de sinalización e delimitación dunha parte do percorrido do roteiro de Cabo Home en Donón.

As especificacións técnicas dos traballos a realizar recóllense no Prego de Prescricións Técnicas (en adiante PPT).

1.2.-Atendendo á natureza da prestación obxecto deste contrato, este ten a consideración de contrato administrativo de servizos de conformidade co disposto no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP).

1.3.- Necesidades administrativas a satisfacer:

As necesidades administrativas a satisfacer coa subscrición deste contrato é a de cumprir coa obriga municipal de protección, conservación e mantemento dos espazos naturais.

1.4.- O presente contrato rexerese polo disposto neste Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no de Prescricións Técnicas. En todo caso será de aplicación respecto de ámbolos dous pregos o establecido no artigo 68 do Regulamento Xeral da LCAP en concordancia co artigo 116-TRLCSP. O contrato que se asine axustarase ao contido deste prego cuxas cláusulas considéranse parte integrante do mesmo. No caso de discordancia entre o presente prego e calquera dos restantes documentos contractuais, prevalecerá o prego de cláusulas administrativas particulares no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

No non previsto neste prego, o contrato rexerese polas seguintes normas:

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).*
- *Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local.*
- *Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RCAP).*
- *Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.*

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista do seu cumprimento.

CLÁUSULA 2ª.- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN.

2.1.- O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 19.987,50 € de acordo co disposto no artigo 88-TRLCSP o cal dispón que o valor estimado dos contratos virá determinado polo importe total sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE).

2.2.- O orzamento máximo previsto é o seguinte:

- *Orzamento base de licitación (IVE excluído).....19.987,50 €*
- *Imposto sobre o Valor Engadido (IVE 21%).....4.197,37 €*
- *Prezo máximo do contrato.....24.14,87 €*

As proposicións económicas dos licitadores non poderán exceder deste orzamento máximo, no que se inclúen todo tipo de impostos, taxas e gastos aplicables.

2.3.- O orzamento deste contrato divídese en dúas anualidades:

- *2013: 10.993,13 € ? o prazo para finalizar os traballos e realizar as transferencias bancarias xustificativas remata o 15.09.2013.*
- *2014: 8.994,37 € ? o prazo para finalizar os traballos e realizar as transferencias bancarias xustificativas remata o 15.09.2014.*

A empresa adxudicataria deberá adecuar a realización dos traballos ao orzamentado para cada anualidade.

2.4.- O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo e incluírá como partida independente o IVE que deba soportar o Concello. No prezo do contrato consideraranse incluídos os demais tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no presente prego, como son os gastos financeiros, beneficios, seguros, transportes e desprazamentos, e honorarios do persoal ao seu cargo que realice os traballos.

CLÁUSULA 3ª.- DURACIÓN DO CONTRATO.

Os traballos obxecto deste contrato de servizos deberán estar rematados como máximo o día 15.09.2013 o correspondente á 1ª anualidade, e o día 15.09.2014 os traballos correspondentes á 2ª anualidade.

CLÁUSULA 4ª.- EXISTENCIA DE CRÉDITO E FINANCIAMENTO DO CONTRATO.

O contrato finánciase con cargo á subvención por importe de 19.987,50 € outorgada a este Concello pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ao amparo da Orde do 28.09.2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de Concellos incluídos na Rede Natura 2000 e a súa convocatoria para os anos 2012, 2013 e 2014, financiada cunha achega do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) ao 75%.

O importe correspondente ao Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) será asumido con fondos propios do Concello.

O gasto está identificado no vixente orzamento municipal para o ano 2013 como Proxecto 2013-002 Subproxecto 01 "Sinalización roteiros en Cabo Home", con cargo á aplicación orzamentaria 170.609 "Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral".

CLÁUSULA 5ª.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

O órgano de contratación que actúa en nome do Concello de Cangas é a Xunta de Goberno Local en virtude das facultades que lle foron conferidas mediante Resolución da Alcaldía de data 16.06.2011.

Este órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que xurdan na súa execución, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta con suxeición á normativa aplicable. Os acordos, previo informe xurídico que a este respecto se emita, serán inmediatamente executivos sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

Nos procedementos que se instrúan para a adopción dos acordos relativos á interpretación, modificación e resolución do contrato deberá darse audiencia ao contratista.

CLÁUSULA 6ª.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Poderán concorrer a esta licitación por si ou por medio de representantes autorizados, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, e cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e que ademais non se atopen incursas nunha prohibición de contratar (art. 60-TRLCSP), e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Polo que respecta ás causas de prohibición de contratar deberán estar referidas á data de conclusión do prazo de presentación de proposicións, e finalmente, cando se proceda á adxudicación do contrato.

As empresas estranxeiras non comunitarias, deberán reunir ademais, os requisitos establecidos no artigo 55-TRLCSP.

CLÁUSULA 7ª.- GARANTÍAS.

7.1.- De conformidade co previsto no artigo 103.1-TRLCSP, para optar á esta licitación non se esixe a constitución de garantía provisional.

7.2.- O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que dentro do prazo de 5 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que tivera recibido o requirimento, constitúa garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, de acordo co artigo 151.2-TRLCSP. De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta.

A citada garantía poderá constituírse en calquera das formas admitidas no artigo 96-TRLCSP e nos artigos 55, 56, 57 e 58 do RXLCAP.

CLÁUSULA 8ª.- CONSULTA DO EXPEDIENTE E PERFIL DO CONTRATANTE.

8.1.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) así como o de Prescricións técnicas (PPT), xunto cos demais documentos que integran o expediente, estarán de manifesto na Secretaría Xeral do Concello de Cangas, ata o momento en que finalice o prazo de presentación de proposicións, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.

8.2.- Esta licitación publicarase no Perfil do Contratante. O acceso público efectuarase a través do portal da Web do Concello de Cangas

(www.cangas.org). No Perfil do Contratante do órgano de contratación, publicarase os PCAP, PPT, así como a adxudicación do contrato e calquera outro dato e información referente a súa actividade contractual, de acordo co establecido no artigo 53 do TRLCSP.

II.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

CLÁUSULA 9ª.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.

A forma de adxudicación deste contrato será o procedemento negociado sen publicidade en aplicación dos artigos 169, 170, 173, 176, 177 e 178 do TRLCSP, debendo solicitar ofertas polo menos a tres empresas, sempre que elo fose posible, capacitadas para a realización do obxecto do contrato.

CLÁUSULA 10ª.- LUGAR E PRAZO PARA A ACHEGA DE PROPOSICIÓNS.

Poderán concorrer a esta licitación aqueles empresarios que reciban unha invitación por parte do Concello para participar na mesma.

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello sito na Avda. Castelao n.º 2 de Cangas, en horario de 9:30 a 13:30, no prazo de 5 días naturais contados desde o seguinte ao da recepción da invitación.

Tamén poderán remitirse por correo; neste caso, de conformidade co sinalado no artigo 84-RXLCAP, o interesado deberá acreditar co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación o mesmo día no que se presente, mediante fax ao número 986.304.850, a remisión da solicitude de participación. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a solicitude. Non obstante, transcorridos dez días naturais desde a indicada data sen terse recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso (art. 80.4-RXLCAP).

Cada candidato non poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha solicitude en unión temporal con outros empresarios si xa o fixo individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal. O incumprimento desta prohibición dará lugar á inadmisión de tódalas solicitudes por el subscritas ou nas que figure. A presentación da solicitude supón, por parte do candidato, a aceptación incondicional do clausulado deste prego e do de prescricións técnicas sen salvidade nin reserva algunha.

CLÁUSULA 11ª.- FORMA E CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS.

As proposicións presentaranse en TRES SOBRES pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, debendo figurar no exterior de cada un deles a denominación do contrato ao que optan, o nome do sobre (A, B ou C), nome e apelidos do licitador ou razón social da empresa e o seu correspondente NIF ou CIF, e no seu caso o número inscrición no Rexistro

Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas e Subcontratación da Xunta de Galicia. No seu interior fará constar unha relación numérica dos documentos que contén.

Os sobre a presentar son os seguintes:

SOBRE A: <<DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA>>, que incluírá a seguinte documentación:

A) Capacidade de obrar.

A-1) Empresario individual: fotocopia compulsada do NIF, Pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. De non ser esixible, achegarse escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial.

Fotocopia da tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas non españolas pertencentes á Unión Europea ou de Estados firmantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar acreditarase mediante a súa inscrición nun rexistro profesional ou comercial, cando este requisito sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo, ou a presentación das certificacións que se indican no Anexo I.3–RCAP, para os contratos de servizos.

Terán capacidade para contratar co sector público as empresas non españolas de Estados membros da UE que, de acordo coa lexislación do Estado en que están establecidas, se atopen habilitadas para realizar a prestación de que se trate. Cando a lexislación do Estado en que se atopan establecidas estas empresas esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder realizar a prestación de que se trate, deberán acreditar que cumpren con este requisito.

A-4) Empresas non comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas estranxeiras non comprendidas nos apartados anteriores, acreditarase mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou da Oficina Consular de España en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á UE deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa, admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma sustancialmente análoga.

A-5) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberá presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante (artigo 146.1.d -TRLCS).

Así mesmo, as empresas estranxeiras achegarán a súa documentación traducida de forma oficial ao castelán.

B) Empresas estranxeiras non comunitarias con sucursal en España.

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para ás súas operacións e que estea inscrita no correspondente Rexistro (art. 55.2 – TRLCS).

C) Poderes.

Os licitadores poderán concorrer por si mesmos ou representados por outra persoa con poder bastante ou documento que xustifique de modo legal a personalidade para xestionar en nome e representación do seu poderdante. Cando en nome dunha sociedade concorra algún representante da mesma, deberá xustificar igualmente a representación mediante poder.

D) Bastanteo de poderes:

Os poderes a que se refire este apartado c), deberán bastantearse previamente pola Secretaria Xeral da Corporación ou funcionario habilitado. Non obstante e con carácter excepcional, os documentos acreditativos da representación poderán ser cualificados pola Secretaria Xeral no mesmo acto de apertura do sobre A, consignándose por esta expresamente si a documentación achegada é bastante para o exercicio polo representante das facultades de licitar en relación co expediente concreto.

E) Clasificación:

Non se esixe (de acordo co disposto no artigo 65.1-TRLCSF).

F) Declaración responsable de non atoparse incurso en prohibición de contratar coa Administración:

Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas pola lexislación vixente, así como de non atoparse incurso en ningunha das causas de prohibición para contratar sinaladas no artigo 60-TRLCSF, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tales extremos deba achegarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a cuxo favor se realice esta (modelo Anexo II).

G) Pago do imposto de actividades económicas:

Certificación ou recibo acreditativo do pago do Imposto de Actividades Económicas (IAE) correspondente á actividade concreta sobre a que se oferta, xunto cunha declaración responsable asinada polo licitador na que se faga constar que non se deu de baixa na matrícula do citado imposto.

Para o caso de estar exento conforme ao artigo 82-Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Regulador adas Facendas Locais, acreditarase esta circunstancia por mera comunicación escrita se se trata de persoas físicas, e no caso de persoas xurídicas, achegando ben o modelo 201 do Imposto de Sociedades do último exercicio presentado na Delegación do Ministerio de Facenda correspondente, ou ben, acompañando comunicación da cifra de negocios regulada na Orde HAC/85/2003, do 23 de xaneiro (BOE núm. 24, de 28/01/2003).

H) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59-TRLCSF.

I) Declaración de empresas vinculadas.

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo nos termos á que se refire o art. 145.4 -TRLCSF, presentarse necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por tódalas empresas vinculadas que concorran á licitación.

J) Acreditación da solvencia económica e financeira, e técnica.

A xustificación da solvencia económica e financeira poderá acreditarse por algún dos medios sinalados a continuación:

- *Informe de institución financeira no que, mencionando expresamente o obxecto e contía do contrato, sinala que é solvente economicamente para afrontalo.*
- *Seguro de indemnización por riscos profesionais*
- *Presentación das contas anuais correspondentes aos últimos 3 anos presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda.*
- *Declaración sobre a cifra global de negocios referida aos últimos 3 anos, mediante a presentación da declaración anual de operacións con terceiros.*

A xustificación da solvencia técnica poderá acreditarse por algún dos medios sinalados a continuación:

- *Presentación do certificado de clasificación administrativa como contratista referente ao obxecto da presente licitación expedido pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado ou polo Rexistro de Contratistas e Subcontratación da Xunta de Galicia.*
- *Relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e destinatario, indicando se é público ou privado. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este, ou a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.*

** Especialidades de solvencia en relación coas unións temporais de empresarios:*

Cada un dos empresarios que a compoñan deberán acreditar a súa capacidade de obrar e solvencia, conforme cos apartados anteriores. En todo caso, aos efectos de acreditar a solvencia económica e financeira, e técnica, permitirase a acumulación sempre que todas e cada unha das empresas que integran a unión temporal, acrediten ter executados contratos do mesmo tipo.

Considerarase que unha empresa ten solvencia económica e financeira e técnica se cumpre cos criterios de solvencia que se sinalan na cláusula 11ª deste prego.

K) Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:

Os licitadores presentarán o seguinte documento:

<<D/Dª, no seu propio nome (ou na representación da empresa), acepto expresamente que as comunicacións e notificacións que realice o Concello de Cangas, se realicen mediante o seu envío ao fax

núm.: ou ao correo electrónico:
.....

En, a de de 2013

Selo e sinatura do licitador, >>

L) Xustificación traballadores con discapacidade.

No seu caso, os licitadores xustificarán que teñen no seu plantel un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%.

M) Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas.

Os licitadores que acheguen certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas e Subcontratación da Xunta de Galicia a que se refire o artigo 83-TRLCSF, ou ben un certificado comunitario de clasificación conforme ao establecido no artigo 84-TRLCSF acompañado dunha declaración responsable do licitador na que manifieste que as circunstancias reflectidas no certificado non variaron, quedarán dispensadas de achegar os documentos sinalados na Cláusula 10ª apartados A-1, A-2, A-3, C, D, E e F sempre que o certificado acredite tales extremos.

A estes efectos acompañarase certificado no que conste o cumprimento dos requisitos dos ditos apartados e deberán indicar no exterior do Sobre A o número de rexistro que teñen asignado indicando ademais a qué rexistro pertence (Comunitario, Estatal ou da CA Galicia). O órgano de contratación ou a mesa de contratación poderán comprobar os datos do certificado achegado e obter o mesmo actualizado á data en que remate o prazo de presentación de proposicións.

N) Índice de documentos que integran o sobre:

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente, de conformidade co artigo 80.1 do RXLCAP.

SOBRE B: <<DOCUMENTACIÓN TÉCNICA>>: documentación correspondente á valoración de criterios avaliábeis mediante xuízos de valor, que deberá incluír:

- Proposta técnica que inclúa a descrición dos traballos a realizar, persoal a empregar (numero de traballadores, titulación, etc), calendario de actuación, descrición dos materiais a empregar, calidade, etc.
- Proposta detallada sobre as melloras ofertadas que sexan tecnicamente relevantes con respecto ao mínimo solicitado.

Este Sobre B non poderá conter ningunha documentación nin dato relativo aos criterios avaliábeis mediante fórmulas, que necesariamente

deberán constar no Sobre C. No caso de que algún licitador inclúa no sobre B datos ou documentos do Sobre C será excluído da licitación.

SOBRE C: <<PROPOSICIÓN ECONÓMICA>>: correspondente á valoración de criterios avaliados mediante fórmulas:

- A proposición económica presentase redactada conforme ao modelo fixado no anexo II do presente prego, non aceptándose aquelas que conteñan omisións, erros ou tachaduras que impidan coñecer claramente o que a Administración estime fundamental para considerar a oferta. Si algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, comportase erro manifesto no importe da proposición ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adolece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desbotada pola Mesa de contratación, sen que sexa causa bastante para o rexeitamento, o cambio ou omisión dalgunhas palabras do modelo se non altera o seu sentido.*
- Na proposición deberá indicarse como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido.*
- En caso de que neste sobre C se inclúa documentación que deba constar no sobre B, non será tida en conta.*

CLÁUSULA 12ª.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Para a valoración das propostas e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase aos seguintes criterios:

A).- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR: 40 puntos.

- 1 Proxecto técnico Ata 30 puntos*
- 2 Melloras ofertadas Ata 10 puntos*

B).- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS: 60 puntos.

- 1 Menor prezo ofertado Ata 40 puntos*
- 2 Maior prazo de garantía Ata 20 puntos*

A).- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR.....ATA 40 PUNTOS.

Presentarase pechado e incluírá a documentación relativa a valoración de criterios non avaliados mediante fórmulas aritméticas, senón que dependen dun xuízo de valor. En particular deberá incluírse:

A.1.- Proxecto técnico. Ata un máximo de 30 puntos.

- *Proxecto técnico que inclúa os traballos a realizar, o persoal a empregar na realización do servizo, características e calidades dos materiais, calendario de actuación identificando claramente os traballos a realizar en cada anualidade e o seu custo, etc.*

A.2.- Melloras ofertadas. Ata un máximo de 10 puntos.

- *Proposta detallada sobre as melloras ofertadas que sexan tecnicamente relevantes con respecto ao solicitado. Deberán especificarse obrigatoriamente os seguintes aspectos de cada unha das melloras ofertadas:*

- o Descrición técnica*
- o Unidades que comprende*
- o Prezo unitario con IVE incluído*

No suposto de non incluírse algún dos aspectos sinalados, as melloras non serán valoradas.

B).- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS.....ATA 60 PUNTOS.

B.1.- Menor prezo ofertado. Ata un máximo de 40 puntos.

- *Menor prezo ofertado polo licitador: ata 40 puntos*

Aplicarase a seguinte fórmula para realizar a valoración:

$$\text{PUNTOS} = \frac{\text{(prezo licitación - oferta a valorar)} \times \text{puntuación máxima}}{\text{(prezo licitación - oferta máis económica)}}$$

B.2.- Maior prazo de garantía. Ata un máximo de 20 puntos.

Valorarase o maior prazo de garantía. Corresponderá a máxima puntuación ao maior prazo de garantía ofertado sobre o mínimo contractual (1 ano), distribuíndose a puntuación proporcionalmente ás restantes de forma lineal mediante unha regra de tres simple directa.

CLÁUSULA 13ª.- MESA DE CONTRATACIÓN.

A Mesa de Contratación será o órgano administrativo que cualificará os documentos achegados e procederá en acto público, á apertura de proposicións (técnica e económica) elevando a acta con proposta de adxudicación ao órgano de contratación que teña que efectuar a adxudicación do contrato.

CLÁUSULA 14ª.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL E APERTURA DE PROPOSICIÓNS.

A Mesa de Contratación que intervirá na presente contratación, procederá a cualificar en acto non público, a documentación a que se refire o artigo a 146-TRLCSLP achegada no Sobre A. O/A Presidente/a ordenará a

apertura dos sobres e o/a secretario/a certificará a relación de documentos que figuren nel.

Se a Mesa de Contratación observara defectos ou omisións emendables na documentación que se inclúe no sobre A, ou necesitase aclaracións sobre a mesma, comunicarao verbalmente aos interesados, sen prexuízo de que esta circunstancia se faga pública a través de anuncios no perfil do contratante do órgano de contratación, concedendo un prazo non superior a 3 días hábiles para que os licitadores corrixan, emenden ou aclaren a documentación requirida.

Do actuado deixárase constancia na acta que ao efecto necesariamente deberá redactarse.

Unha vez emendados no seu caso, os defectos ou omisións da documentación achegada, e cualificada toda a documentación, a Mesa de Contratación, procederá a declarar os licitadores admitidos e os rexeitados, indicando as causas do seu rexeitamento.

Concluída a fase anterior, celebrarase en acto público a apertura do Sobre B, no lugar, día e hora que se sinale mediante anuncio no perfil do contratante. Este acto desenvolverase seguindo as formalidades previstas nos artigos 26 e 27 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio e no non previsto neles, rexerese polo artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

A documentación do sobre B, relativa a acreditación de criterios avaliábeis mediante xuízos de valor poderán trasladarse aos técnicos municipais competentes para a súa valoración.

No día e hora indicados no perfil do contratante, procederase a apertura do sobre C, relativo a documentación que deba avaliarse mediante a aplicación de fórmulas aritméticas. Este acto comezará coa lectura da valoración outorgada á documentación avaliada mediante xuízos de valor, procedendo a continuación, á avaliación da documentación contida no sobre C.

As proposicións afectas por calquera das causas precisadas no art. 84 do RD 1098/2001, serán rexeitadas motivadamente.

Na valoración das ofertas deberá terse en consideración o disposto no artigo 30 do RD 817/2009, do 8 de maio.

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu plantel maior número de traballadores con discapacidade (non inferior ao 2%), de conformidade coa Disposición Adicional 4ª –TRLCSF.

A Mesa clasificará, por orden decrecente, as proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar a dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego ou no anuncio podendo solicitar para elo cantos informes técnicos estime pertinentes. A clasificación realizada remitirase ao Órgano de contratación con proposta de adxudicación a favor do contratista que presentara o oferta economicamente máis vantaxosa.

A proposta de adxudicación feita pola mesa de contratación, non creará ningún dereito a favor do adxudicatario fronte a Administración. O órgano de contratación terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición economicamente máis vantaxosa mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente Prego, ou declarar deserta a licitación motivando en todo caso a súa resolución cando ningunha oferta sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste Prego.

CLÁUSULA 15ª.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.

Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de 5 días xustifiquen as ditas ofertas achegando a documentación correspondente. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos Servizos Técnicos a fin de que emitan o correspondente informe.

Considerarase en principio, como desproporcionada ou temeraria a baixa de toda proposición cuxo porcentaxe exceda en dez unidades, polo menos, á media aritmética das porcentaxes de baixa de tódalas proposicións achegadas e admitidas, sendo criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou temerario da baixa, os seguintes:

- *Adecuada xustificación dos prezos ofertados.*
- *Programa detallado de execución do contrato.*
- *Volume de servizos xa contratados, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador.*

De conformidade co artigo 85.2-RXLCAP, no suposto de que so concorran dous licitadores, considerarase desproporcionada ou temeraria a oferta que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.

CLÁUSULA 16ª.- RENUNCIA.

A presentación da oferta vincula ao contratista coa Administración de tal xeito que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución do servizo, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (por exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois da apertura de plicas, da

proposta da Mesa, da adxudicación, ou antes da formalización do contrato, etc) faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e prexuízos causados á Administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP.

Tendo en conta que neste procedemento os licitadores non están obrigados a constituír garantía provisional, a Corporación poderá esixir o dito importe mediante o procedemento de apremio, así como para a indemnización de danos e prexuízos.

A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormais ou desproporcionados, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola Administración, terá as mesmas consecuencias i efectos indicados nos parágrafos anteriores. Non obstante, no caso de que a Administración non acordara a adxudicación no prazo de dous meses a contar dende a apertura de proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición de conformidade con artigo 161.4- TRLCSP.

CLÁUSULA 17ª.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente mais vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles (art. 151.2- TRLCSP), a contar desde o seguinte a aquel en que tivera recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

- Xustificante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (estatais e coa Comunidade Autónoma) e coa Seguridade Social.*
- Xustificante de ter constituída garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, por calquera dos medios a que se refire o artigo 96- TRLCSP.*
- Xustificante de non ter débedas co Concello de Cangas.*

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos. De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedarán clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no presente prego.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita

ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer, conforme ao artigo 40-TRL CSP, recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación.

CLÁUSULA 18ª.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo o dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato, cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos 15 días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no art. 151.4-TRL CSP.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional, que no seu caso se esixira. Se as causas da non formalización foran imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puidera ocasionar.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización, excepto nos casos previstos no artigo 113-TRL CSP.

III.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

CLÁUSULA 19ª.- SUCESIÓN NA PERSOA DO CONTRATISTA.

De conformidade con artigo 85-TRL CSP, nos casos de fusión, escisión, aportación ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato coa entidade absorbente ou resultante, quedando subrogada en tódolos dereitos e obrigas derivadas do mesmo, sempre que teña a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación ou que as sociedades participantes nas ditas operacións responsabilícense solidariamente da execución do contrato. En caso contrario, resolverase o contrato considerándose a tódolos efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario.

CLÁUSULA 20ª.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

Unha vez perfeccionado o contrato poderase introducir as modificacións correspondentes por altas e baixas dos bens e instalacións obxecto do contrato. O adxudicatario efectuará as compensacións que procedan a favor ou en contra

do Concello, ao obxecto de manter en todo momento o equilibrio inicial da contratación.

Serán obrigatorias para o contratista as modificacións do contrato que se acorden de conformidade co establecido no artigo 219 e nos artigos 105 e seguintes – TRLCSP.

De conformidade co artigo 105.2, a modificación do contrato non poderá realizarse co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato a fin de que poda cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do mesmo, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. Nestes supostos, deberase proceder a unha nova contratación da prestación correspondente, na que poderá aplicarse o réxime establecido para a adxudicación de contratos complementarios se concorren as circunstancias previstas no artigo 174.b)- TRLCSP.

En canto ás modificacións non previstas na documentación que rexe esta licitación estarase ao disposto ao artigo 107- TRLCSP.

CLÁUSULA 21ª. RESPONSABLE DO CONTRATO.

O órgano de contratación poderá designar un responsable do contrato, quen supervisará a correcta execución do contrato e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación de cara a asegurar a mesma.

CLÁUSULA 22ª.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego e observando fielmente o establecido no prego de prescricións técnicas.

O adxudicatario responderá perante o Concello polo incumprimento ou demora no cumprimento das súas obrigas contractuais, e executarará o servizo de acordo coa lexislación vixente na materia obxecto deste contrato.

Así mesmo deberán cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que ostentará a tódolos efectos, a condición de empresario.

CLÁUSULA 23ª.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista. O contrato executarase con suxeición ó establecido no clausulado e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación de ó contratista o órgano de contratación.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para o Concello ou para terceiros das omisións, erros, métodos inaxeitados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

O contratista non poderá substituír ó persoal facultativo adscrito á realización dos traballos, sen a expresa autorización do órgano de contratación ou responsable do contrato, no caso de ser este último designado por aquel.

O contratista está obrigado a gardar silencio respecto ós datos e antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato, dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo.

O contratista deberá ter subscritos os seguros obrigatorios, así como un seguro que cubra as responsabilidades que se deriven da execución do contrato.

CLÁUSULA 24ª.- EXECUCIÓN DEFECTUOSA E DEMORA. PENALIDADES.

O contratista está obrigado ao cumprimento do contrato con estrita suxeición ao establecido neste prego de cláusulas que o regulan, ao consignado na súa proposición e as ordes que lle curse o responsable do contrato no seu caso, ou o competente para a vixilancia do contrato, para unha mellor realización dos traballos.

De conformidade co artigo 212-TRLCSP que dispón que os pregos poderán prever penalidades para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do mesmo ou para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato, establécense as seguintes penalidades:

a) Terán a consideración de infraccións leves aquelas que, pese ao incumprimento das cláusulas contractuais, non supoñan un prexuízo de gran entidade, conlevarán unha penalidade de ata 300€ e se tipifican como tales as seguintes:

- As que impliquen negligencia na prestación do servizo e non supoñan unha alteración grave para o seu funcionamento.

- A omisión do deber de comunicar as incidencias ou anomalías, non imputables ao contratista e que sexan detectadas.

b) Terán a consideración de infraccións graves e conlevarán unha penalidade de 300 € ata 1500 € as seguintes:

- A reiteración na comisión de tres faltas leves.

- A desobediencia ás ordes do responsable para a vixilancia do contrato.

- *As acciones u omisións que alteren a regularidade na prestación do servizo.*
- *A carencia de elementos necesarios para a prestación do servizo.*
- *O trato irrespetuoso ao público, persoal municipal ou axentes da autoridade, así como calquera acción do persoal que supoña un desprestixio do servizo.*
- *No acudir a las reunións de seguimento do contrato cando sexa convocado.*

c) Terán a consideración de infraccións moi graves e darán lugar á rescisión do contrato, sen prexuízo da aplicación das sancións ás que dese lugar a xuízo do Órgano de Contratación, tódalas que supoñan un incumprimento das condicións do contrato ou unha deficiente xestión do servizo, ademais das seguintes:

- *Obstaculizar a inspección ou fiscalización do persoal municipal.*
- *Incumprir as normas laborais ou convenio colectivo do persoal a empregar.*
- *Ceder o contrato sen a debida autorización municipal.*
- *Incumprir obrigas salariais ou de seguridade social respecto aos traballadores a empregar.*
- *Reiterar a comisión de dúas infraccións graves.*

CLÁUSULA 25ª.- PRAZO DE GARANTÍA E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

O prazo de garantía é de un ano a contar dende a data en que se asine a acta de recepción do servizo realizado. Durante este período o adxudicatario queda obrigado a efectuar as labores de conservación e policía que se lle demanden, séndolle a el imputables, salvo proba en contra, dos danos que xurdan durante este período.

A devolución da garantía definitiva producirase unha vez transcorrido o dito ano, previo informe favorable emitido polo responsable do contrato ou persoa encargada da súa supervisión.

CLÁUSULA 26ª.- RESOLUCIÓN DOS CONTRATOS.

26.1.- Serán causas de resolución do contrato as previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP, cos efectos previstos no art. 225 e 309 do TRLCSP.

26.2.- Outras causas de resolución:

26.2.1.- Ademais das anteriores, constituirán causa de resolución imputable ó contratista as seguintes:

26.2.1.a).- O incumprimento da obriga de gardar sixilo.

26.2.1.b).- O abandono por parte do contratista do servizo obxecto do contrato: Entenderase producido o abandono cando a prestación non se realice coa regularidade axeitada ou cos medios humanos e materiais precisos para a normal execución do contrato no prazo estipulado. Non obstante, cando se de este suposto, o Concello, antes de declarar a resolución, requirirá ó contratista para que regularice a situación no prazo de cinco días a contar dende o requirimento.

26.2.1.c).- A incursión do contratista, durante a vixencia do contrato, en algunha das prohibicións sinaladas na normativa vixente ou en incompatibilidade, sen a obtención inmediata da correspondente compatibilidade.

26.2.2.- O acaecemento de calquera destas causas, nos termos establecidos, facultará ó órgano de contratación para dar por resolto o contrato, coa indemnización de danos e prexuízos e demais efectos que procedan conforme á normativa aplicable, podendo optar pola execución subsidiaria, realizando as obrigas incumpridas ou continuando a execución do contrato por si ou a través das persoas ou empresas que determine, a costa do contratista. O importe da garantía responderá de todo iso, en canto alcance, e sen prexuízo da responsabilidade xeral do contratista.

CLÁUSULA 27ª.- GASTOS.

- Os gastos do anuncio de licitación, no seu caso, serán asumidos polo adxudicatario.

- TAXA POR BASTANTEO: o bastanteo de poderes pola Secretaría Xeral está suxeito á taxa por expedición de documentos administrativos por importe de 6,01 euros, debendo achegarse ó documento carta de pago expedida pola Tesourería Municipal.

IV.- PRERROGATIVAS DA ADMNISTRACIÓN, XURISDICCIÓN E RECURSOS.

CLÁUSULA 28ª.- PRERROGATIVAS DA ADMNISTRACIÓN.

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente poderá modificar os contratos celebrados e acordar a súa resolución dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados no TRCLP e demais normativa de aplicación.

Os acordos que dicte o órgano de contratación, previo informe xurídico dos órganos competentes, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

CLÁUSULA 29ª.- XURISDICCIÓN COMPETENTE.

A xurisdicción contencioso-administrativa coñecerá das cuestións litixiosas relacionadas co contrato a que se refire o art. 21.1 do TRLCSP.

As cuestións litixiosas serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a interpoñer recurso Contencioso-Administrativo, consonte ó disposto pola Lei Reguladora de dita Xurisdicción, previa interposición, no seu caso, do recurso potestativo de reposición e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Os actos que se diten nos procedementos de adxudicación de contratos que non reúnan os requisitos previstos no artigo 40 do TRLCSP, serán susceptibles de recurso en vía administrativa conforme ó disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e recurso Contencioso-Administrativo, consonte ó disposto pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Recurso especial en materia de contratación:

Con carácter potestativo, poderá interpoñerse o recurso especial en materia de contratación previsto no art. 40 do TRLCSP nos supostos contemplados no mesmo. Contra a resolución do recurso só procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."

ANEXO II

"MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE.

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA CONTRATAR ESTABLECIDAS NO ARTIGO 60 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO APROBADO MEDIANTE REAL DECRETO LEXISLATIVO 3/2011, do 14 de novembro.

Don/dona _____, con domicilio en _____, provincia de _____, rúa _____ n.º _____, con DNI n.º _____, actuando en nome propio / ou en representación da empresa _____, con CIF n.º _____ e domicilio social na rúa _____ n.º _____ da cidade de _____, á cal represento en calidade de (administrador/ apoderado/ representante legal/ etc, ou o que corresponda), ante a Mesa de Contratación constituída para a tramitación do expediente relativo á "Contratación do servizo de sinalización do roteiro de Cabo Home en Donón"

DECLARO: que nin o asinante desta declaración, nin a persoa xurídica á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, se atopan

incursos en ningunha das prohibicións para contratar definidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado mediante real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro , non concorrendo en consecuencia, circunstancia algunha das descritas na indicada referencia legal.

Así mesmo e de forma expresa, faise constar que a persoa xurídica á que represento se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expídese e asina a presente declaración, en _____, a ___ de _____ de 2013.

(sinatura do representante e selo da empresa)."

ANEXO III

"MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA.

D....., co D.N.I. n.º:.....; actuando en nome propio / en representación da entidade..... con CIF N.º..... con enderezo a efectos de notificacións en

EXPÓN: que tendo coñecemento da licitación aberta polo Concello de Cangas para a contratación do servizo de sinalización do roteiro de Cabo Home en Donón, fai constar expresamente que:

1. Acepta tomar parte na indicada licitación de acordo coas condicións previstas polo Concello de Cangas.

2. Coñece e acepta de forma plena e sen condición algunha o prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación e que, xunto cos pregos técnicos, forman parte daquel, aceptando integramente os termos, cláusulas e obrigas contidos nos documentos indicados, sen excepción de ningún tipo.

3. Comprométese á execución do contrato ofertado nas seguintes condicións:

- Prezo ofertado (IVE excluído).....en número e letra

- Imposto sobre o Valor Engadido (IVE %).....en número e letra

- Prezo total ofertado en número e letra

- Prazo de garantía ofertado a maiores sobre o prazo previsto contractualmente (1 ano)

4. *Achega no Sobre B "Memoria técnica", a documentación relativa aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor.*

5. *Achega no Sobre C "Proposta económica", a documentación relativa a criterios avaliábeis mediante fórmulas.*

6. *Comprometese e obrigase expresamente a presentar no Rexistro Xeral do Concello e dentro do prazo establecido neste prego, a documentación requirida para a formalización do contrato.*

(LUGAR E DATA)

O LICITADOR

(Sinatura do representante legal e soo da empresa)

ANEXO IV

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), NIF, con domicilio (a efectos de notificacións e requirimentos) na rúa/praza/avenida, código postal, localidade, e no seu nome (nome e apelidos dos apoderados), con poderes suficientes para obrigarlle neste acto, segundo resulta do bastanteo de poderes que se reseña na parte inferior deste documento, AVALA

A (nome e apelidos ou razón social do avalado), NIF, en virtude do disposto por: (norma/s e artigo/s que impoñen a constitución desta garantía) para responder das obrigas seguintes: (detallar o obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantido), ante o Concello de Cangas, por importe de: (en letra e en cifra).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Este aval outórgase solidariamente respecto ó obrigado principal, con renuncia expresa ó beneficio de excusión e con compromiso de pago ó primeiro requirimento do Concello de Cangas, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos das Administracións Públicas e nas súas normas de desenvolvemento.

O presente aval estará en vigor ata que o Concello de Cangas ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para autorizar a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro).

(Lugar e data)

(razón social da entidade)

(sinatura do/s apoderado/s)."

ANEXO V

"PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁ O CONTRATO DE SERVIZO PARA A SINALIZACIÓN DO ROTEIRO DE CABO HOME EN DONÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO DO CONTRATO.

O roteiro de Cabo Home onde se levará a cabo esta actuación parte desde a aldea de Donón e discorre bordeando a costa en dirección sur cara a praia de Melide. A actuación consistirá na sinalización e delimitación dunha parte do percorrido para garantir a seguridade dos viandantes. Como Anexo I a prego inclúese o plano de situación da zona onde se realizarán os traballos indicando a distancia total de percorrido do valado (1.950 metros).

Para sinalizar o roteiro, delimitarase cunha varanda composta por postes circulares de madeira de pino norte con tratamento especial para a intemperie e terminación en lasur, enlazados entre si cada 2 metros por cabo tipo polysteell de 14 mm de diámetro.

A realización deste contrato inclúe o material (incluso pezas auxiliares), escavación, cementación e man de obra.

CLÁUSULA 2ª.- PRAZO DE EXECUCIÓN.

Os traballos obxecto deste contrato de servizos deberán estar rematados como máximo o día 15.09.2013 o correspondente á 1ª anualidade, e o día 15.09.2014 os traballos correspondentes á 2ª anualidade.

CLÁUSULA 3ª.- PRAZO DE GARANTÍA.

Os traballos realizados terán un prazo de garantía de un ano a contar dende a data en que se asine acta de recepción do servizo prestado. Durante este período o adxudicatario queda obrigado a efectuar as labores de conservación e policía que se lle demanden, séndolle a el imputables, salvo proba en contra, dos danos que xurdan durante este período.

CLÁUSULA 4ª.- INFORME FINAL E MEMORIA DE INTERVENCIÓN.

No prazo de UN MES a contar dende a sinatura da acta de recepción do servizo realizado, o adxudicatario deberá entregar no Concello un informe final sobre o servizo prestado que inclúa unha memoria co estado previo da zona onde se vai actuar, desenvolvemento dos traballos e resultado final do mesmo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación do expediente de contratación do servizo para a "SINALIZACIÓN DO ROTEIRO DE CABO HOME EN DONÓN".

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as catorce horas e vinte minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.